

Guía dos Arquivos da Xunta de Galicia

XUNTA DE GALICIA

2012

Secretario Xeral de Cultura: Anxo M. Lorenzo Suárez

Edición: Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura

Coordinación: Marina García Pita
Gabriel Quiroga Barro

Textos: Alfonso Cascudo Rasilla
Carmen L. Corgo Solleiro
Antonio Fernández Domínguez
Mª del Mar García Miraz
Olimpia López Rodríguez
Dolores Pereira Oliveira
Carmen Prieto Ramos
Pablo Sánchez Ferro
Isabel Revenga Portela

Índices: Carmen Varela Mosquera

Deseño e impresión: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

ISBN: XXXX

D.L.: C XXX-2012

SUMARIO

3	Sumario
5	Presentación
9	Introdución
11	O Sistema de Arquivos de Galicia
11	O Subsistema de Arquivos da Xunta de Galicia
12	Clasificación dos arquivos no seo do Sistema
12	Arquivos que comprende esta guía
13	Características desta guía
17	Cadro xeral de clasificación
21	Arquivos da Xunta de Galicia
21	Arquivo de Galicia
30	Fondos documentais
33	Arquivo do Reino de Galicia
43	Fondos documentais
55	Arquivo Histórico Provincial de Lugo
64	Fondos documentais
73	Arquivo Histórico Provincial de Ourense
82	Fondos documentais
93	Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
103	Fondos documentais
109	Arquivo Central da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
118	Fondos documentais

121 Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Lugo

127 Fondos documentais

136 Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Vigo

127 Fondos documentais

137 Índice de fondos documentais

Entre os centros de depósito cultural, os arquivos seguen a ser quizais os máis descoñecidos, mentres bibliotecas e museos acadan hoxe unha maior presenza social, o cal repercute tamén nunha diferente atención por parte dos poderes públicos. De certo, á memoria da sociedade custodiada nos arquivos, aquela que é produto da actividade cotiá de xestión, adóitaselle conceder unha menor trascendencia, que obriga os arquivos a un esforzo constante para vencer esa sorte de esquecemento social.

Con todo, na actualidade, o interese dos arquivos faise cada vez máis evidente, pois o seu carácter de acumulación de testemuños (os documentos), que se proxectan cara ao pasado pero tamén cara ao futuro, proporciónalles unha utilidade a priori insospeitada. Así, poden considerarse non só como instrumentos de interpretación da realidade presente a través da memoria, senón tamén como ferramentas para a transformación activa da sociedade e, xa que logo, de construción do porvir.

A Guía dos arquivos da Xunta de Galicia reflicte ambos os dous aspectos enunciados. Por un lado dá conta da enorme riqueza que supón a parte do patrimonio documental de Galicia que se custodia nestes centros, con documentos que datan desde a alta Idade Media ata a actualidade; por outro, pon de manifesto a utilidade e os beneficios que se derivan para a Administración de Galicia de manter uns arquivos administrativos cun servizo e organización eficientes e axeitados.

Xesús Vázquez Abad

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A *Guía dos arquivos da Xunta de Galicia* responde á necesidade formulada no Plan de arquivos de Galicia 2012-2016, presentado no Parlamento de Galicia en xuño de 2011, de desenvolver accións globais de difusión que outorguen maior visibilidade aos arquivos galegos e ao patrimonio documental que custodian.

Con eses obxectivos nace esta publicación, estruturada de acordo coa propia natureza dos centros, que son os protagonistas do libro, onde o servizo público, o acceso á información e aos documentos, característicos dunha Administración moderna e transparente, cobran o seu pleno sentido.

A aparición da guía complementa tamén outras accións de difusión emprendidas recentemente, como a renovación este mesmo ano do portal web dos arquivos de Galicia e dos arquivos dependentes da Xunta de Galicia, a publicación do *Estudo orgánico e funcional da Xunta de Galicia. Proposta dun cadro de clasificación* e da *Norma galega de descrición arquivística* (en galego ou en castelán) ou a edición das *Actas do seminario internacional "O futuro da memoria: o patrimonio arquivístico dixital"*, celebrado con motivo da inauguración do Arquivo de Galicia.

Todas estas actuacións poñen de manifesto o interese que espertan os arquivos galegos e o potencial que presentan como factores de desenvolvemento cultural e de mellora da Administración nun momento de cambio acelerado. Sen dúbida, esta guía contribuirá a salientar aínda máis estas calidades.

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario xeral de Cultura

Introdución

Esta guía trata de ser un instrumento para mellorar a accesibilidade aos arquivos propios ou xestionados pola Xunta de Galicia e aos fondos que custodian, un obxectivo que constitúe a misión esencial de calquera centro desta natureza, e que actualiza e complementa a información xa dispoñible por outros medios.

Sen chegar a ser insatisfactorio, o coñecemento público dos arquivos galegos dista de ser exhaustivo e profundo. Aínda persiste no imaxinario colectivo certa confusión con outros centros de depósito cultural, como as bibliotecas e os museos, e segue sen establecerse unha correlación clara entre os arquivos administrativos e as funcións que desenvolven e os arquivos históricos.

Os arquivos históricos recenden o prestixio do valor do antigo e do incógnito, mentres que os de carácter administrativo adoitan pasar totalmente desapercibidos, incluso para a propia Administración. No entanto, uns e outros posúen a mesma natureza, forman un continuo e poden cumprir funcións intercambiáveis desde un punto de vista administrativo ou da investigación. Así ocorre, por exemplo, cos documentos seculares que seguen a conservar o seu valor administrativo (o denominado Catastro de Ensenada ou os preitos antigos sobre lindes de montes, entre outros), ou cos documentos actuais que ofrecen unha suculenta información para os investigadores da economía, a socioloxía, a medicina, a historia e outras disciplinas.

No ámbito do concreto, os centros mellor coñecidos son os de titularidade estatal e xestión transferida á Comunidade Autónoma de Galicia, grazas ás súas guías, aos trípticos informativos que publican, á información que figura nos seus sitios web ou no Censo-Guía de arquivos iberoamericanos que mantén o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte; así como á informatización dos seus instrumentos de descrición e ás iniciativas de difusión desenvolvidas por casi todos eles nos últimos anos.

Entre as guías, a máis recente corresponde ao Arquivo Histórico Provincial de Ourense, do ano 2006. Este centro contaba con outra anterior, do ano 1977. De ese mesmo ano é a do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra e de 1976 a reedición da do Arquivo do Reino de Galicia, cuxa primeira edición data de 1968. A do Arquivo Histórico Provincial de Lugo é de 1993. Os cambios que se sucederon desde estas datas demandan unha posta ao día dos datos xerais que conforman a natureza destes instrumentos de descrición arquivística.

Ao carón desta necesidade de actualización da información sobre os centros de titularidade estatal, o desenvolvemento dun plan sobre os arquivos de Galicia baseado no concepto global e integrador de sistema, implica a elaboración de instrumentos igualmente globais que ofrezan información de forma normalizada. É unha tarefa que outras comunidades autónomas emprenderon con éxito antes (Andalucía, Castela e León, Cataluña, Extremadura¹...) e que debe complementar outras iniciativas como as xa mencionadas.

Con esta visión, a guía aborda a descrición do conxunto dos arquivos sobre os que a Xunta de Galicia exerce a súa responsabilidade na actualidade. Ademais dos arquivos de titularidade estatal e xestión transferida, xa mencionados, a novidade deste instrumento é a inclusión dos centros propios da Administración de Galicia. En primeiro lugar, o que é cabeceira e símbolo do sistema, o Arquivo de Galicia, creado polo Decreto 207/2010, do 10 de decembro. Despois, aqueles arquivos intermedios que dependen da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Un conxunto que pouco a pouco vai completando o Subsistema de Arquivos da Xunta, no seo do Sistema de Arquivos de Galicia.

Esta descrición é tanto máis necesaria nun momento de transición cara a outro modelo, un modelo que ten que ver co desenvolvemento da Administración electrónica. Pois só un coñecemento detallado dos arquivos actuais e das funcións que cumpren dentro do sistema

1 - *GUÍA de los archivos históricos Provinciales de Andalucía*. Sevilla: Junta de Andalucía, Consejería de Cultura, 2000.

A *Guía de los Archivos de Castilla y León* publicouse por primeira vez en 1999. A edición do ano 2006 ampliou o seu contido para incluír, ademais dos arquivos históricos provinciais, todos os dependentes da Junta de Castilla y León. Vid.: *Guía de los Archivos de Castilla y León*. Valladolid: Junta de Castilla y León, Consejería de Cultura y Turismo, Archivo General de Castilla y León, 2006. Accesible en internet en: http://www.jcyl.es/web/jcyl/binarios/795/323/GUÍA_ARCHIVOS_CYL.pdf?blobheader=application%2Fpdf%3Bcharset%3DUTF-8&blobnocache=true. [Consulta de 21-08-2012]

A *Guia dels arxius històrics de Catalunya* publicouse por primeira vez no ano 1982 e actualízase de forma continua. Na actualidade conta con 9 volumes, o último publicado no 2011. Vid.: <http://www20.gencat.cat/portal/site/Patrimoni/menuitem.6a2dec9a300f68a8cd0181dfb0c0e1a0/?vgnextoid=4c08a2b34cb41110VgnVCM1000008d0c1e0aRCRD&vgnextchannel=4c08a2b34cb41110VgnVCM1000008d0c1e0aRCRD&vgnextfmt=default>

GARCÍA GARCÍA, Luz; PAREDES PÉREZ, Montaña. *Guía de los archivos históricos provinciales de Extremadura*. Cáceres: Editora Regional de Extremadura, 2006

permitirá definir e configurar a súa adaptación ao novo paradigma da produción, conservación e uso de documentos no medio electrónico.

O Sistema de Arquivos de Galicia

Os manuais de arquivística e os textos legais adoitan definir os arquivos desde un triplo punto de vista: arquivos son os conxuntos de documentos (fondos) que produce e recibe de forma natural calquera entidade pública ou privada ou persoa física no desenvolvemento das actividades que lle son propias, pero tamén se designan con este nome tanto os edificios que constitúen a sede natural destes conxuntos (ou das agrupacións deles) coma os centros ou as dependencias que, no seu ámbito correspondente –administrativo, cultural ou ambas as dúas cousas–, reciben, custodian e poñen á disposición dos órganos produtores e dos cidadáns en xeral os documentos, agregados en fondos. Esta guía refírese principalmente a estes últimos, pero de forma continua fai referencia, como non podía ser doutra maneira, ás outras dúas acepcións, que reflicten o continente e o contido dos centros de arquivo.

O conxunto de arquivos de Galicia, máis os órganos da Administración que son competentes para a súa ordenación e desenvolvemento, así como os correspondentes servizos técnicos, conforman o Sistema de Arquivos de Galicia.

Un sistema de arquivos é unha estrutura legal e administrativa que permite un eficaz funcionamento dos arquivos e, xa que logo, da propia Administración, para asegurar o cumprimento dos seus fins de servizo público, a conservación a longo prazo dos documentos e o acceso de todos os cidadáns ao patrimonio documental.

O sistema organízase en diferentes subsistemas con autonomía propia, relacionados entre si por órganos de dirección e coordinación. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o órgano encargado na actualidade, a través da Secretaría Xeral de Cultura, da dirección e coordinación do exercicio das competencias da Xunta de Galicia relativas ao Sistema de Arquivos de Galicia.

O Subsistema de Arquivos da Xunta de Galicia

O Subsistema de Arquivos da Xunta de Galicia comprende os órganos administrativos e os arquivos que, tanto no ámbito central coma no periférico da Administración, deben xestionar os documentos producidos pola Xunta de Galicia.

Forman parte do Subsistema de Arquivos da Xunta de Galicia o Arquivo de Galicia, os arquivos centrais das consellerías (ou os de entidades, empresas, fundacións ou corporacións que exerzan competencias de carácter público) e os arquivos de xestión dos órganos de goberno e administración da comunidade autónoma (ou os das entidades e outros organismos citados), no ámbito central; e o Arquivo do Reino de Galicia, os arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra, os arquivos territoriais e os arquivos de xestión correspondentes, no ámbito periférico.

Clasificación dos arquivos no seo do sistema

Polas funcións que cumpren os centros ou as dependencias de arquivos dentro dun sistema, adoitan clasificarse en arquivos de xestión, centrais, intermedios e históricos.

Os arquivos de xestión reúnen os documentos xerados polas unidades administrativas dependentes do correspondente órgano, co obxectivo prioritario de apoiar a xestión deste e de acreditar as súas actuacións.

Os arquivos centrais reúnen os documentos producidos e recibidos por todas as dependencias dun órgano ou institución concreta (unha consellería, unha xefatura territorial, unha fundación...) e normalmente son responsables da implantación e do mantemento dun sistema de xestión documental. É dicir, do conxunto de procesos e actividades que, integrados na actividade administrativa xeral, teñen por obxectivo asegurar a autenticidade, a integridade, a seguridade e a dispoñibilidade dos documentos ao servizo principalmente dos fins para os que foron creados.

Os arquivos intermedios desenvolven funcións semellantes aos centrais no nivel do conxunto de toda unha Administración (ou dun ámbito territorial concreto) respecto daqueles documentos que, aínda que conservan todos ou unha parte dos seus valores administrativos e xurídicos, xa acadaron unha determinada antigüidade ou non son de uso habitual polos diferentes órganos e unidades da organización.

E, por último, os arquivos históricos reciben, custodian, comunican e difunden aqueles documentos que son de conservación permanente polo seu interese e polos valores que atesouran, valores que deben ser ditaminados pola correspondente comisión de avaliación documental e aprobados polo correspondente órgano coordinador do sistema de arquivos.

Arquivos que comprende esta guía

Os centros que describe esta publicación son os seguintes:

- Arquivo de Galicia
- Arquivo do Reino de Galicia
- Arquivo Histórico Provincial de Lugo
- Arquivo Histórico Provincial de Ourense
- Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
- Arquivo Central da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Lugo
- Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Vigo

Deles, o primeiro ten carácter intermedio e histórico, de acordo co seu decreto de creación. Os arquivos do Reino de Galicia e os históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra teñen carácter histórico cando son receptores de documentos producidos pola Administración autonómica e intermedio e histórico cando se trata de documentos producidos pola Administración periférica do Estado. En canto ao da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é central, como indica o seu nome. E os territoriais da Xunta de Galicia en Lugo e en Vigo son centrais e intermedios (intermedios porque reúnen os documentos de cadansúa delegación territorial e centrais porque o son respecto dos procedentes de cada unha das xefaturas integradas naquela).

Características desta guía

A estrutura da publicación é moi simple. Ademais desta introdución, existen tantos capítulos coma arquivos se describen. Como complemento, un índice de fondos tenta proporcionar un medio rápido de acceso a cada unha das agrupacións documentais que se citan.

Un dos obxectivos que persegue a guía é o da normalización da información sobre os arquivos da Xunta de Galicia. Aínda que todas as guías publicadas dos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia respondían xa a este anhelos e se inspiraban en esquemas doutros instrumentos semellantes publicados en España, ou seguían directrices internacionais, como o coñecido estudo RAMP de Françoise Hildesheimer², hoxe o modelo non podía ser outro que

2 .- HILDESHEIMER, François. *Directrices metodológicas relativas a la preparación de las guías generales de Archivos Nacionales. Un estudio RAMP*. París: UNESCO, 1983.

a Norma Internacional para a descrición de institucións que custodian fondos de arquivo (ISDIAH), publicada polo Consello Internacional de Arquivos en 2008³.

A Norma ISDIAH consta de 31 elementos agrupados en 6 áreas: identificación, contacto, descrición, acceso, servizo e control. O conxunto destes elementos serve para elaborar descrições de institucións que custodian fondos de arquivo. Tal e como asegura a introdución da norma, estas descrições poden utilizarse para:

- a. Describir institucións como unidades dentro dun sistema de descrición arquivística; e/ou
- b. Servirles como punto de acceso normalizado ás institucións que custodian os fondos de arquivo, no seo dun directorio, nun sistema de información arquivística ou na rede;
- c. Documentar as relacións entre as institucións e entre esas entidades e os documentos de arquivo que custodian⁴.

De todos os elementos, unicamente se consideran obrigatorios tres: o elemento 1.1. *Identificador*; o elemento 1.2. *Forma(s) autorizada(s) do(s) nome(s)*; e o elemento 2.1. *Localización(es) e enderezo(s)*. Esta guía comprende para cada arquivo a práctica totalidade dos elementos sinalados pola norma, con excepción dalgún da área de control, que non se considerou pertinente incorporar neste medio e formato, como 6.1. *Identificador da descrición*; 6.4. *Estado de elaboración*; 6.5. *Nivel de detalle* ou 6.9. *Notas de mantemento*.

Mención á parte merece o tratamento que se lles deu aos fondos documentais que custodian cada un dos arquivos. Unha sección fundamental en calquera guía. A propia ISDIAH achega orientacións sobre a forma de establecer as necesarias relacións entre as institucións de custodia, os fondos de arquivo, as autoridades ou entidades produtoras de documentos ou as funcións que deron lugar á creación destes, dado que o elemento 3.7. da área de descrición da norma *-Fondos e outras coleccións custodiadas-* está concebido para proporcionar *unha aproximación aos fondos e outras agrupacións documentais* que reúne *a institución que custodia os fondos de arquivo*, pero consignándolos de forma resumida⁵.

3 .- International Council on Archives. ISDIAH. *International Standard for Describing Institutions with Archival Holdings. Developed by a Committee on Best Practices and Standards. London, United Kingdom, 10-11 march 2008*. Accesible en internet en: <http://www.ica.org/10198/standards/isdiah-international-standard-for-describing-institutions-with-archival-holdings.html>. Hai tradución ao español na mesma páxina [Consulta do 09-08-2012].

4 .- Consello Internacional de Arquivos. ISDIAH. *Norma internacional para a descrición de institucións que custodian fondos de arquivo...*, p. 9.

5 .- *Ibidem*, p.31

As orientacións que dá a norma para realizar estas ligazóns están pensadas basicamente para sistemas informáticos e comprenden catro elementos: *Título e identificador do recurso arquivístico relacionado, Descrición da relación, Data da relación e Forma(s) autorizada(s) do nome e Identificador do rexistro de autoridade relacionado*.

No caso de un instrumento publicado en papel coma o presente, un capítulo esencial adoita ser o dedicado á descrición máis ou menos pormenorizada dos fondos e coleccións. Así ocorre, por exemplo, nas dúas guías máis recentes de arquivos xestionados pola Comunidade Autónoma: a do Arquivo Histórico Provincial de Lugo e a do Arquivo Histórico Provincial de Ourense⁶. Nesta guía inclúese tamén unha sección de Fondos documentais dentro da descrición de cada arquivo. Cada unha destas seccións consta, pola súa vez, dunha epígrafe que resume brevemente a procedencia e doutra que inclúe o cadro de clasificación dos fondos e coleccións. O carácter xeral da guía, dedicada a varios arquivos, exclúe unha descrición específica para cada un dos fondos custodiados nos diversos arquivos; descrición que faría inviable a súa publicación en papel. Estas deben buscarse nas guías individuais mencionadas e nas bases de datos correspondentes, accesibles nos sitios web de cada arquivo.

Por iso, o cadro de clasificación convértese en instrumento fundamental para establecer relacións entre o arquivo e os documentos que custodia, de modo que lle permita manter o necesario control intelectual sobre os seus fondos, tal e como recoñece a propia norma ISDIAH⁷.

O cadro de clasificación foi definido “como o instrumento que formaliza e representa o contido documental dun arquivo”⁸. Como sinala tamén a norma internacional⁹, “normalmente os cadros ou criterios de clasificación están orientados a representar a estrutura do Estado, a sucesión dos réximes políticos e/ou a topoloxía dos documentos de arquivo e/ou os seus produtores (gubernamentais, privados, empresariais, etc.)”.

6 .- JARAMILLO GUERRERA, Miguel Ángel. *Guía del Archivo Histórico Provincial de Lugo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993; SÁNCHEZ FERRO, Pablo, coord. *Guía do Arquivo Histórico Provincial de Ourense*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2006.

7 .- CONSELLO INTERNACIONAL DE ARQUIVOS. *ISDIAH. Norma...*, op. cit. p.9

8 .- HEREDIA HERRERA, Antonia. *Lenguaje y vocabulario archivísticos*. Sevilla: Junta de Andalucía, Consejería de Cultura, 2011, p.82. Esta definición corresponde á entrada Cuadro de clasificación de fondos y colecciones, que estende o concepto de cadro de clasificación, esencial en arquivística porque está intimamente ligada aos seus principios fundamentais, o de procedencia e o de orde orixinal, a todas as agrupacións documentais dun arquivo. José Ramón Cruz Mundet só contempla a acepción de cadro de clasificación aplicada ao fondo no seu *Diccionario de Arquivística (con equivalencias en inglés, francés, alemán, portugués, catalán, euskera y gallego)*. Madrid: Alianza, 2011, p. 130.

9 .- CONSELLO INTERNACIONAL DE ARQUIVOS. *SDIAH. Norma...*, op. cit. p. 50

O cadro de clasificación de fondos e coleccións empregado nesta guía segue un modelo uniforme, como non podía ser doutro modo, aínda que o seu grao de complexidade varíe en función do tipo de arquivo ao que se aplique: máis sinxelo no caso dos arquivos centrais e intermedios, pois o número de fondos e dos ámbitos que comprenden adoita ser menor; máis extenso no caso dos arquivos históricos, porque en xeral reúnen un gran número de fondos de moi diversa procedencia.

O cadro de clasificación parte da distinción de tres divisións básicas: 1. Arquivos públicos. 2. Arquivos privados e 3. Coleccións. Pola súa vez, cada unha delas subdivídese, de ser necesario, de acordo coa natureza dos fondos (por exemplo, 1.1. Xudiciais; 1.2. Fe pública; 1.3. Administración periférica do Estado; 1.4. Administración autonómica de Galicia...). Ademais, adóitanse distinguir ámbitos de competencias: galego, provincial, de partido, local e, no caso dos arquivos xudiciais, tamén xurisdicións especiais). Finalmente, os diferentes fondos agrúpanse por ámbitos funcionais: Administracións Públicas, Economía e Facenda, Comercio e Consumo, Cultura, Deporte...

Daquela, o modelo de referencia adoptado baséase, con diversas adaptacións, no cadro proposto no seu día por Olga Gallego Domínguez e Pedro López Gómez para a clasificación dos fondos dos arquivos históricos provinciais¹⁰. Esas adaptacións teñen que ver, por un lado, coa aceptación, en parte, das suxestións formuladas na *Guía de los archivos de Castilla y León*¹¹ en relación coas epígrafes 1.1. *Judiciales*, 1.6. *Instituciones del Movimiento Nacional* ou 1.7. *Administración Corporativa*; e, por outro, coas denominacións funcionais que serven para agrupar fondos da Administración periférica do Estado ou da Administración Autonómica de Galicia adoptadas na obra *Estudo orgánico e funcional da Xunta de Galicia*, publicada no ano 2010¹².

Para poder transmitir de forma adecuada as ideas de claridade, uniformidade e normalización que se buscan, consérvase a mesma numeración das epígrafes en todos os arquivos. Desta forma, por exemplo, Administración autonómica de Galicia será sempre 1.4 ou

10 .- GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga; LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *Clasificación de fondos de los Archivos Históricos Provinciales*. Madrid: Ministerio de Cultura, 1980. Unha revisión deste traballo, coordinada por Pedro López, foi publicada por ANA-BAD en 1994: López GÓMEZ, Pedro, coord. *Organización de fondos de los Archivos Históricos Provinciales*. Madrid: ANA-BAD, 1994.

11 .- *Guía de los archivos de Castilla y León*. Valladolid: Junta de Castilla y León, Consejería de Cultura y Turismo, Archivo General de Castilla y León, 2006, p. 54. Accesible en internet en: http://www.jcyl.es/web/jcyl/binarios/795/323/GUIA_ARCHIVOS_CYL.pdf?blobheader=application%2Fpdf%3Bcharset%3DUTF-8&blobnocache=true. [Consulta de 14-08-2012].

12 .- Subdirección Xeral de Arquivos e Museos. *Estudo orgánico e funcional da Xunta de Galicia. Proposta dun cadro de clasificación*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2010. Accesible en internet en: http://arquivosdegalicia.xunta.es/portal/arquivos-de-galicia/resources/estudios/Estudo_orgnxico_funcional_Xunta_Galicia.pdf. [Consulta de 14-08-2012]. Con respecto a esta, os nomes dalgunhas funcións foron modificados tamén en parte.

Administración corporativa, 1.7., por máis que en arquivos coma o de Galicia non exista a necesidade (polo momento) de empregar outras epígrafes anteriores na secuencia coma as nomeadas máis arriba).

Cadro xeral de clasificación

1. FONDOS PÚBLICOS

1.1. XUDICIAIS

- 1.1.1. Ámbito galego
- 1.1.2. Ámbito provincial
- 1.1.3. Ámbito de partido
- 1.1.4. Ámbito comarcal-distrito
- 1.1.5. Ámbito local-municipal
- 1.1.6. Xurisdicións especiais

1.2. FE PÚBLICA

- 1.2.1. Notariais
- 1.2.2. Rexistrais

1.3. ADMINISTRACIÓN PERIFÉRICA DO ESTADO

- 1.3.1. Ámbito galego
- 1.3.2. Ámbito provincial

1.4. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA

- 1.4.1. Ámbito galego
- 1.4.2. Ámbito territorial¹³

1.5. ADMINISTRACIÓN LOCAL

13 .- Na actualidade, a Administración periférica da Xunta de Galicia organízase en delegacións territoriais, normalmente coincidentes coa provincia pero non sempre, coma no caso da Delegación territorial de Vigo.

1.6. INSTITUCIÓNS DO MOVEMENTO NACIONAL

1.7. ADMINISTRACIÓN CORPORATIVA

1.7.1. Cámaras Agrarias

1.7.1.1. Ámbito provincial

1.7.1.2. Ámbito local

1.7.2. Cámaras da propiedade urbana

1.7.3. Cámaras de Comercio, Industria e Navegación

1.7.4. Colexios profesionais

1.7.5. Corporacións sindicais

1.8. ADMINISTRACIÓN ELECTORAL

1.9. SOCIEDADES PÚBLICAS E EMPRESAS MIXTAS

2. FONDOS PERSOAIS

2.1. PERSOAS E FAMILIAS

2.1.1. Persoas

2.1.2. Familias

2.2. ASOCIACIÓNS E FUNDACIÓNS

2.3. EMPRESAS

2.4. INSTITUCIÓNS RELIXIOSAS

2.4.1. Confrarías e obras pías

2.4.2. Clero

2.4.3. Ordes Militares

3. COLECCIÓNS

Arquivos da Xunta de Galicia



Foto: Manuel G. Vicente

Arquivo de Galicia



O Arquivo de Galicia custodia os documentos producidos pola Xunta de Galicia, desde que foi creada en 1982, e polos órganos e entidades dela dependentes, así como outros de calquera procedencia que, polo seu ámbito e interese, se lle poidan asignar.

É cabeceira do Sistema de Arquivos de Galicia, polo que simboliza a unidade-do patrimonio documental da comunidade. Este patrimonio comprende unha porción notable da súa cultura escrita e caracterízase, entre outros aspectos, pola súa calidade, antigüidade, diversidade, invisibilidade e dispersión.

Depende orgánicamente da Subdirección Xeral de Arquivos, dentro da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e abriu as súas portas a finais de 2010.

Ten a súa sede na Cidade da Cultura de Galicia, situada no monte Gaiás de Santiago de Compostela.

IDENTIFICACIÓN

Identificador	ES GA 15078 AG
Forma autorizada do nome	Arquivo de Galicia
Forma paralela do nome	Archivo de Galicia
Tipo de institución que conserva os fondos de arquivo	Pública Titularidade e xestión: Administración autonómica, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria Tipoloxía: arquivo intermedio e histórico de ámbito galego

CONTACTO

Localización e enderezo	Cidade da Cultura de Galicia Monte Gaiás, s/n. 15707 Santiago de Compostela
Teléfono	+ 34 881 999 661
Fax	+ 34 881 999 740
Correo electrónico	arquivogalicia.cultura@xunta.es
Enderezo web	http://arquivosdegalicia.xunta.es/portal/arquivo-de-galicia/index.html
Persoa de contacto	Xefa do Servizo do Arquivo de Galicia: M. ^a del Mar García Miraz

DESCRICIÓN

Historia da institución que custodia os fondos do arquivo

En febreiro de 2008 créase a Subdirección Xeral do Arquivo Nacional de Galicia, coa finalidade de exercer as funcións de centro de referencia do Sistema de Arquivos de Galicia e de arquivo histórico do Subsistema de Arquivos da Xunta de Galicia (Decreto 17/2008, do 7 de febreiro, DOG núm. 35, do 19 de febreiro).

Como consecuencia da reestruturación da Xunta de Galicia do ano 2009, o Decreto 337/2009, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo (DOG núm. 125, do 29 de xuño), asignaralle estas funcións ao Servizo do Subsistema de Arquivos da Comunidade Autónoma, dependente da Subdirección de Arquivos e Museos, dentro da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

A creación oficial do arquivo realizarase mediante o Decreto 207/2010, do 10 de decembro, (DOG núm. 246, do 24 de decembro), ao que se considera cabeceira e centro de referencia do Sistema de Arquivos de Galicia, con carácter intermedio e histórico.

Por este mesmo decreto, o Arquivo Xeral da Administración da Xunta, unidade administrativa que viña exercendo desde 1996 (Decreto 256/1996, do 20 de xuño, de desenvolvemento da estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Comunicación Social, DOG núm. 125, do 26 de xuño) as funcións de recepción e tratamento documental da documentación producida

e acumulada polas consellerías e outros órganos dependentes da Xunta de Galicia, pasa a integrarse no Arquivo de Galicia, ao que se adscriben tamén os seus medios persoais e materiais.

No ano 2011, vólvese reestruturar a Consellería de Cultura e Turismo, mediante o Decreto 3/2011, do 13 de xaneiro (DOG núm. 17, do 26 de xaneiro). A Subdirección Xeral de Arquivos e Museos transfórmase en Subdirección Xeral de Arquivos (o Servizo de Museos seguirá adscrito á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural) e pasa a depender da Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas, con dous servizos, o do Arquivo de Galicia e o do Sistema de Arquivos. De forma expresa, sinálase que lle corresponde a esta subdirección xeral a dirección técnica do Arquivo de Galicia.

A comezos de 2012, a reestruturación da Xunta de Galicia, que supuxo a unión das consellerías de Cultura e de Educación no novo departamento de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, adscribirá o Arquivo de Galicia-Subdirección Xeral de Arquivos á Secretaría Xeral de Cultura (Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro – DOG núm. 16, do 24 de xaneiro; corrección de erros DOG núm. 25, do 6 de febreiro).

Estas normas asígnanlle ao Arquivo de Galicia un papel fundamental na infraestrutura que debe servir para asegurar o mellor funcionamento da Administración pública de Galicia, de acordo cos principios de eficacia, eficiencia e transparencia, ligando os seus fins cos conceptos de conservación permanente e de acceso aos documentos públicos.

O Arquivo de Galicia exerce as funcións de centro de referencia do Sistema de Arquivos de Galicia e arquivo intermedio e histórico do Subsistema de Arquivos da Xunta de Galicia, e como tal ten o deber de conservar, difundir e acrecentar o patrimonio documental de Galicia. En concreto, ten encomendadas as seguintes competencias:

- a) Recibir os documentos procedentes dos diferentes órganos da Xunta de Galicia ou das entidades públicas dependentes dela cun ámbito territorial superior a unha provincia.
- b) Recibir os documentos procedentes de organismos, institucións e entidades públicas de ámbito autonómico dependentes da Xunta de Galicia que fosen suprimidos, con independencia da súa antigüidade, e calquera outro fondo de carácter público ou privado de interese xeral para a comunidade autónoma que se acorde depositar nel.
- c) Programar, coordinar e dirixir a identificación, valoración e selección documental de todos os arquivos do Subsistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- d) Organizar e describir os fondos documentais que custodie.

- e) Conservar os fondos documentais que custodie.
- f) Coordinar os programas de reprodución con fins de conservación de fondos do patrimonio documental de Galicia.
- g) Facilitar o acceso aos documentos que custodie e á información contida neles, nos termos que establece a lexislación.
- h) Difundir por calquera medio os fondos documentais que custodie e, en xeral, o patrimonio documental de Galicia.
- i) Establecer e desenvolver normas técnicas arquivísticas para o Sistema de Arquivos de Galicia.
- j) En xeral, calquera outra función que lle sexa encomendada por razón da súa competencia.

Contexto cultural e xeográfico

Desde a perspectiva das funcións que desempeña como arquivo administrativo, a maior parte dos documentos que custodia teñen a súa orixe nas actividades desenvolvidas polos órganos da Xunta de Galicia (ou os órganos que a antecederon) no seu nivel central, polo que o seu ámbito xeográfico comprende toda a comunidade autónoma.

Como arquivo histórico, a súa finalidade é garantir a conservación permanente e facilitar o acceso aos documentos que integran o patrimonio documental galego. Neste sentido, o arquivo simboliza a unidade do patrimonio documental da comunidade galega. Por iso, deberá non só recibir, custodiar e difundir os documentos que posúan valor histórico e sexan de conservación permanente producidos polos diferentes órganos e entidades dependentes da Xunta de Galicia, senón tamén os de calquera outro organismo, institución ou entidade de ámbito autonómico, privado e público que, como parte do patrimonio documental de Galicia, se acorde depositar nel pola súa especial relevancia ou por motivos de racionalización financeira e eficacia administrativa.

Ademais, deberá coordinar a reprodución, con fins de conservación, seguridade e difusión dos fondos documentais constitutivos do patrimonio documental de/ou relacionados con Galicia que se atopen dentro ou fóra do seu territorio.

Atribucións/fontes legais

Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 214, do 8 de novembro).

Decreto 307/1989, do 23 de novembro, polo que se regula o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia (DOG núm. 23, do 1 de febreiro).

Decreto 207/2010, do 10 de decembro, polo que se crea o Arquivo de Galicia (DOG núm. 246, do 24 de decembro).

Orde do 30 de agosto de 2010 pola que se establecen as normas para a realización de transferencias documentais con destino aos arquivos dependentes da Xunta de Galicia (DOG núm. 174, do 9 de setembro).

Orde do 31 de agosto de 2010 pola que se establecen as normas para a consulta e a reprodución dos documentos nos arquivos propios e xestionados pola Xunta de Galicia (DOG núm. 175, do 10 de setembro).

Orde do 1 de setembro de 2010 pola que se establecen as normas para a realización de préstamos de documentos entre os arquivos propios e xestionados pola Comunidade Autónoma e as oficinas da Xunta de Galicia (DOG núm. 174, do 9 de setembro).

Decreto 219/2011, do 17 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos e as normas dos servizos de reprodución prestados nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia (DOG núm. 229, do 30 de novembro).

Estrutura administrativa

Dirección

Área de xestión documental

Área de comunicación e difusión

Xestión de documentos e política de ingresos

Polo seu carácter de arquivo intermedio e histórico, recibe as seguintes transferencias documentais:

- Administración autonómica de Galicia, nos servizos centrais.
- Órganos da Xunta de Galicia ou entidades públicas con ámbito territorial superior a unha provincia.
- Organismos, institucións e entidades públicas de ámbito autonómico dependentes da Xunta de Galicia que fosen suprimidos.

O arquivo promove o incremento do patrimonio documental galego en mans públicas a través de doazóns, depósitos e compras de fondos documentais de orixe privada e ámbito preferentemente galego.

Edificios

Metros cadrados dos depósitos: 3.389

Metros lineais de andeis: 20.776,17

Metros lineais de documentación: 8.889,43

Unidades de instalación: 77.300

O arquivo ten a súa sede na Cidade de Cultura de Galicia, proxectada polo arquitecto americano Peter Eisenman. Este complexo artículase a través dunha trama de rúas, soportais, xardíns e prazas inspirada na zona histórica da cidade de Santiago de Compostela, declarada Patrimonio Cultural da Humanidade pola UNESCO en 1985.

Ademais deste espazo na Cidade da Cultura, o arquivo conta tamén con outro local, situado no polígono industrial do Tambre, integrado por dúas naves, equipadas con andeis a dobre altura, destinadas a depósito documental de carácter intermedio. As cifras totais ofrecidas inclúen os documentos alí custodiados na actualidade.

Fondos e outras coleccións custodiadas (ver cadro de clasificación de fondos)

Fondos públicos:

Da Xunta de Galicia:

- Documentos procedentes das diferentes consellerías en que se estrutura a Administración autonómica, así como dos órganos da etapa preautonómica e dos órganos da Administración periférica do Estado que exerceron competencias logo asumidas pola Xunta de Galicia.

Da Administración corporativa:

- Cámara Oficial da Propiedade Urbana de Santiago de Compostela.

Fondos privados:

- De persoas e familias
 - Clemente González Peón
 - Familia Vilariño Pintos
 - Familia Freire

De empresas.

Factoría Massó de Gijón (Asturias)

Casa Mar (Vigo)

Instrumentos de descripción, guías e publicacións

Publicacións:

- *Arquivo de Galicia: Cidade da Cultura de Galicia*¹⁴. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2010. [Políptico]
- Subdirección Xeral de Arquivos e Museos. *Estudo orgánico e funcional da Xunta de Galicia: proposta dun cadro de clasificación*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2010.
- Quiroga Barro, Gabriel. "Bases para la implantación de un sistema de gestión documental: el Archivo de Galicia y el sistema de archivos de la Comunidad Autónoma", en *IV Xornadas Técnicas de Arquivos Portuarios. A Coruña, 11 e 12 de novembro de 2009*. A Coruña: Autoridade Portuaria da Coruña, s. a., p. 25-35. [Recurso electrónico].
- Quiroga Barro, Gabriel. "O Servizo do Subsistema de Arquivos da Comunidade Autónoma (Arquivo de Galicia)". *Boletín de Anabad-Galicia*, núm. 2, 2009, p. 5-6.
- Quiroga Barro, Gabriel. "O Arquivo de Galicia: facer visible o invisible", en *Ex-Libris Gallicaiae. Dos libros de Galicia*. Do 25 de novembro de 2010 ao 25 de febreiro de 2011. Santiago de Compostela: Fundación Cidade da Cultura de Galicia, 2010, p. 61-65.
- Arquivo de Galicia. *Actas do seminario internacional "O futuro da memoria, o patrimonio arquivístico dixital" = Actas del seminario internacional "El futuro de la memoria, el patrimonio archivístico digital"*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2011.

Outros instrumentos:

<http://albala.arquivodegalicia.xunta.es/albala/opw/index.html>

<http://censoarchivos.mcu.es/CensoGuia/archivodetail.htm?id=1572806>

Máis información na páxina web.

14 Dispoñible tamén en castelán e en inglés.

ACCESO

Horarios de apertura



Inverno: de luns a venres, de 8:15 h a 14:45 h

Verán (21 de xuño a 21 de setembro): de luns a venres, de 9 h a 14 h

Festivos pechados ao público: 1 e 6 de xaneiro, xoves e venres de Pascua (datas variables), 1 de maio, 17 de maio, 25 de xullo, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6, 8, 24, 25 e 31 de decembro

Festivos locais: festividade da Ascensión (variable) e 16 de agosto (San Roque)

Condições e requisitos para o uso e o acceso

Consulta en sala

Libre acceso

Identificación con DNI ou pasaporte

Acceso aos fondos suxeito á normativa legal vixente en materia de protección de datos e consulta de documentos.

Accesibilidade

Acceso para persoas con discapacidade: si

Autobuses: liña 9, Casas Novas/Viso/Multiusolos/Cidade da Cultura

De luns a venres laborais: de 8:00 h a 22:00 h (cada 60 min.)

SERVIZOS

Servizos á investigación

- Sala de investigadores, con posibilidade de utilizar ordenadores e cámaras fotográficas propias, suxeito á normativa de consulta.
- Instrumentos de descrición en papel, opac para acceder ás bases de datos dos fondos do arquivo.

- Servizo de asesoramento para a busca e a localización de documentos.
- Consulta non presencial a través da páxina web, correo postal, correo electrónico e fax.
- Biblioteca auxiliar de referencia: o arquivo conta cunha biblioteca auxiliar especializada en historia, arquivística, dereito e ciencias sociais, accesible a través de opac e da páxina web.

Servizos de reprodución

- Realízanse copias en papel e dixitais. Formatos en papel: A4, A3. Tamén existe a posibilidade de gravar imaxes.
- As reproducións están suxeitas ás tarifas establecidas na normativa vixente que inclúe a realización da copia, a autorización para a súa edición, se é o caso, e o envío postal das copias.
- A solicitude de reprodución en sala realízase mediante un formulario. A reprodución para a edición precisa da autorización expresa dos responsables do arquivo e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- A reprodución debe respectar a finalidade para a que se concede a autorización.



Foto: Tono Arias

Espazos públicos

- O Arquivo de Galicia conta cunha sala de exposicións temporais situada no propio edificio.
- Biblioteca auxiliar de referencia.

CONTROL

Identificador da institución	ES GA 15078 AG
Regras e/ou convencións	ISDIAH – Norma internacional para a descrición de institucións que custodian fondos de arquivo, 1. ^a edición, Consello Internacional de Arquivos
Datas de creación, revisión ou eliminación	30/07/2012
Lingua(s) e escritura(s)	Galego: glg Español: spa
Fontes	Página web do arquivo Publicacións citadas

FONDOS DOCUMENTAIS

Procedencia

Fundamentalmente, o Arquivo de Galicia está destinado a custodiar os documentos producidos pola Xunta de Galicia e os seus órganos dependentes que teñan un ámbito territorial superior a unha provincia e que posúan valor histórico. Pero tamén os de calquera organismo, institución ou entidade de ámbito autonómico, privado e público, que teña especial relevancia e que sexan de conservación permanente polo seu valor histórico e cultural.

Cadro de clasificación de fondos documentais

FONDOS	Datas extremas	Unidades de instalación	Unidades documentais
1. FONDOS PÚBLICOS			
1.4. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA			
1.4.1. Ámbito galego			
- Xunta de Galicia			
▪ Alta dirección da comunidade autónoma	1976 - 2004	3.078	
▪ Administracións Públicas	1950 - 2008	4.941	
▪ Política Económica e Facenda	1978 - 2010	13.299	

FONDOS


	Datas extremas	Unidades de instalación	Unidades documentais
▪ Comercio e Consumo	1976 - 2000	1.579	
▪ Cultura	1943 - 2011	6.052	
▪ Deporte	1979 - 1991	198	
▪ Educación	1934 - 2007	12.308	
▪ Industria, Innovación e Promoción Económica	1973 - 1998	3.107	
▪ Medio Ambiente	1977 - 2006	2.313	
▪ Medio Mariño	1960 - 1994	1.427	
▪ Medio Rural	1950 - 2008	7.915	
▪ Política Lingüística	1980 - 2008	2.284	
▪ Política Territorial	1843 - 1997	6.084	
▪ Sanidade	1974 - 1993	280	
▪ Servizos Sociais	1968 - 2006	3.350	
▪ Traballo	1974 - 2005	2.374	
▪ Turismo	1939 - 2009	2.435	
1.7. ADMINISTRACIÓN CORPORATIVA			
1.7.2. Cámaras da propiedade urbana			
▪ Santiago de Compostela	1927-2000	141	
Subtotais		76.628	
2. FONDOS PERSOAIS			
2.1. PERSOAS E FAMILIAS			
- 2.1.1. Persoas			
▪ Clemente González Peón	1901-2003	165	
- 2.1.2. Familias			
▪ Familia Vilariño Pintos	1404-1968	18	
▪ Familia Freire	1598-1875	5	
- 2.1.3. Empresas			
▪ Factoría Massó Avilés (Asturias)	1901-2000 (aproximada)	225	
▪ Casa Mar	1939-1994 (aproximada)	260	
Subtotais		673	
3. COLECCIÓNIS			
▪ Colección fotográfica ¹⁵	s. XX	20	30.157
TOTAIS		77.321	30.157

15 - Colección facitia formada por fotografías separadas físicamente, por motivos de conservación, dos seus expedientes, pero sen perder a referencia que os une con eles.



Arquivo do Reino de Galicia

O Arquivo do Reino de Galicia é na actualidade un centro de titularidade estatal con xestión transferida á Xunta de Galicia que recibe, custodia e difunde fondos documentais de ámbito coruñés e galego, de natureza pública e privada.



Depende organicamente da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña e funcionalmente da Subdirección Xeral de Arquivos, dentro da Secretaría Xeral de Cultura.

Foi creado para custodiar a documentación producida pola Real Audiencia de Galicia, convertida máis tarde en Audiencia Territorial da Coruña. Desde finais do século XIX e, sobre todo, a partir do século XX, recibirá tamén documentación doutras institucións de ámbito territorial galego. Finalmente, distintas normas asignaranlle o papel de Arquivo Histórico Provincial da Coruña para os documentos da Administración central periférica, primeiro, e da autonómica, despois. Custodia tamén fondos privados e amplas coleccións de fotografía, de cartografía e de postais.

Ten a súa sede no Xardín de San Carlos da Coruña.

IDENTIFICACIÓN

Identificador	ES GA 15030 ARC
Forma autorizada do nome	Arquivo do Reino de Galicia
Forma paralela do nome	Archivo del Reino de Galicia
Outra forma do nome	Arquivo Histórico do Reino de Galicia

**Tipo de institución que
conserva os fondos de arquivo**

Pública
Titularidade: Administración xeral do Estado,
Ministerio de Educación, Cultura e Deporte
Xestión: Administración autonómica,
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria, Xunta de Galicia
Tipoloxía: arquivo intermedio e histórico
de ámbito galego e provincial

CONTACTO

Localización e enderezo

Xardín de San Carlos, s/n
15001 A Coruña, Galicia
España

Teléfonos

+ 34 981 209 251 / + 34 981 200 389

Fax

+ 34 981 227 094

Correo electrónico

arq.reino.galicia@xunta.es

Enderezo web

<http://arquivosdegalicia.xunta.es/portal/arquivo-do-reino-de-galicia/index.html>

Persoa de contacto

Dirección: Carmen Prieto Ramos

DESCRICIÓN

Historia da institución que custodia os fondos de arquivo

O Arquivo do Reino de Galicia foi creado en 1775 pola Real cédula do 22 de outubro do Rei Carlos III, coa denominación de Arquivo Público e Xeral de Galicia. Esta cédula plasma unha concepción deste ligada á ideoloxía da Ilustración, que tende a considerar estes centros como acumulacións de fontes históricas de interese para a recuperación da memoria da sociedade. Pero en realidade a súa orixe atópase ligada á da Real Audiencia de Galicia, institución de carácter xudicial e gubernativo creada polos Reis Católicos a partir de 1480 (Real cédula do 3 de agosto, expedida en Toledo, confirmada por unha Pragmática dada en Madrid en 1494 polos mesmos Reis), e ás disposicións que tanto Carlos V como a súa nai, dona Xoana, deron a primeiros do século XVI para que se puxesen ben gardados os preitos e

expedientes da Audiencia. Por esta razón, ata ben entrado o século XIX, o arquivo foi considerando a prolongación natural daquel organismo.

Esa ideoloxía ilustrada da concepción do arquivo que transcende a súa función primixenia como conxunto de testemuños de actos de natureza xurídica ou administrativa que intenta plasmar a Real cédula de 1775 non se vai conseguir de xeito inmediato. Durante boa parte do século XIX é posible atopar, entre os documentos conservados referidos á xestión do arquivo, numerosas mostras de tensión entre os rexentes da Audiencia, que reclamaban intervir na xestión do arquivo, e os arquiveiros, gardas do carácter independente do centro.

Afortunadamente, pouco a pouco a autonomía do arquivo foise consolidando, aínda que sen perder a súa relación coa Audiencia, convertida agora en Audiencia Territorial. Un fito neste proceso acontecerá durante o ano 1857, en que se fai cargo do arquivo o daquela recentemente creado Corpo Facultativo de Arquiveiros, baixo a dependencia xerárquica do Ministerio de Fomento.

No século XX, acentúase a independencia do centro e perfírase con nitidez a súa función de arquivo histórico de Galicia. No ano 1931, o Arquivo Central da Audiencia pasa a estar ao coidado dos profesionais do Arquivo do Reino de Galicia. Posteriormente, distintas normas asignaranlle tamén o papel de Arquivo Histórico Provincial da Coruña.

Coa nova organización territorial do Estado español en comunidades autónomas, os arquivos de titularidade estatal radicados en Galicia, como o Arquivo do Reino de Galicia, foron transferidos na súa xestión á Comunidade Autónoma de Galicia no ano 1989. Así, forma parte do Sistema de Arquivos de Galicia e recibe por transferencia os documentos producidos pola Administración territorial da Xunta de Galicia na provincia da Coruña.

Contexto cultural e xeográfico

Pola súa orixe, vinculado á Real Audiencia de Galicia, o seu ámbito territorial é o de Galicia. Esta institución foi o órgano de xustiza, administración e goberno durante o Antigo Réxime, continuado, na súa función xudicial, pola Audiencia Territorial da Coruña e hoxe polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Desde o século XIX, foi sumando outros fondos documentais procedentes da Administración territorial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia na provincia da Coruña.

Destacan tamén os fondos privados de familias e empresas, así como as diversas coleccións textuais, cartográficas e iconográficas e fotográficas.

Cronoloxicamente, os seus fondos documentais abarcan desde o século XVI ata o noso século, pero existen documentos soltos datados no século IX.

O arquivo responde á tipoloxía de arquivo xeral de Galicia e histórico provincial da Coruña.

Atribucións/Fontes legais

Real cédula do 22 de outubro de 1775, do Rei Carlos III, de creación coa denominación de Arquivo Público e Xeral de Galicia

Decreto do 24 de xullo de 1947, do Ministerio de Educación Nacional, sobre ordenación dos arquivos e bibliotecas do tesouro histórico-documental e bibliográfico (BOE núm. 229, do 31 de agosto).

Decreto 914/1969, do 8 de maio, de creación do Arquivo Xeral da Administración Civil (BOE núm. 125, do 26 de maio).

Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 155, do 29 de xuño, corrección de erros BOE núm. 296, do 11 de decembro).

Convenio entre o Ministerio de Cultura e a Xunta de Galicia sobre xestión de arquivos de titularidade estatal (Resolución do 14 de decembro de 1989, pola que se lles dá publicidade aos convenios. BOE núm. 303, do 19 de decembro).

Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 214, do 8 de novembro).

Decreto 307/1989, do 23 de novembro, polo que se regula o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia (DOG núm. 23, do 1 de febreiro).

Orde do 30 de agosto de 2010 pola que se establecen as normas para a realización de transferencias documentais con destino aos arquivos dependentes da Xunta de Galicia (DOG núm. 174, do 9 de setembro).

Orde do 31 de agosto de 2010 pola que se establecen as normas para a consulta e a reprodución dos documentos nos arquivos propios e xestionados pola Xunta de Galicia (DOG núm. 175, do 10 de setembro).

Orde do 1 de setembro de 2010 pola que se establecen as normas para a realización de préstamos de documentos entre os arquivos propios e xestionados pola Comunidade Autónoma e as oficinas da Xunta de Galicia (DOG núm. 174, do 9 de setembro).

Decreto 219/2011, do 17 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos e as normas dos servizos de reprodución prestados nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia (DOG núm. 229, do 30 de novembro).

Estrutura administrativa

Dirección

Administración

Sección arquivo

Laboratorio de restauración

Reprografía

Xestión de documentos e política de ingresos

Polo seu carácter de arquivo intermedio e histórico, recibe as seguintes transferencias documentais:

- Tribunais e xulgados do seu ámbito territorial: galego, provinciais, de partido, locais e especiais.
- Administración periférica do Estado de ámbito galego e provincial.
- Administración periférica da Comunidade Autónoma de Galicia na provincia de A Coruña.

O arquivo promove o incremento do patrimonio documental galego a través de compras, depósitos e doazóns de documentos maioritariamente de carácter privado.

Edificio

Metros cadrados dos depósitos: 2.879,29

Metros lineais de andeis: 24.069

Metros lineais de documentación: 22.799

Metros lineais de fondos bibliográficos (biblioteca auxiliar): 1.619

Unidades de instalación: 145.635 (caixas e atados), 20.971 libros, 96.830 unidades documentais (mapas, fotografía e pergameos).

O edificio que actualmente é sede do arquivo foi inaugurado no ano 1955 e remodelado entre os anos 2000 e 2003. Foi proxectado polo arquitecto coruñés Antonio Tenreiro.

Pero o arquivo sufriu múltiples vicisitudes no espazo de tempo que media entre a creación da Real Audiencia e a actualidade, o que afectou a súa integridade e o seu estado de conservación.

Durante o século XVI, sufriu as consecuencias do carácter itinerante da Audiencia, así como diversos incendios e saqueos, como o sitio da cidade da Coruña en 1589. Nos séculos XVII e XVIII, ao carecer dun edificio propio, custodiouse a documentación ademais de nas sedes das escribanías de asento da Audiencia, en diversos locais de institucións coruñesas (Convento de San Francisco, Hospital de San Andrés, Hospital do Bo Suceso...). As pésimas condicións deses locais (sotos húmidos e carentes de ventilación) comportará unha deterioración xeneralizada dos documentos, ao que se sumou a carencia de persoal especializado para facerse cargo dos documentos.

Desde finais do século XVII, a Xunta do Reino de Galicia defendeu a necesidade de crear un arquivo que puidese acoller a documentación da propia Xunta e a da Real Audiencia. Esta petición conseguiu, por fin, que en 1763 se adxudicasen as obras para construír un edificio para o arquivo en Betanzos. Máis tarde, en 1775, desbotada por diversas razóns esa localización, ratificouse oficialmente a creación do arquivo e nomeouse como primeiro arquiveiro del a D. Vicente Álvarez de Neira.

O arquivo nace, daquela, con arquiveiro, pero sen edificio propio. Ao dispoñerse que a súa sede estivese na Coruña, o edificio que se atopou como local para arquivo foi a chamada Sala das Discordias, tres salas na planta baixa e sete pezas no soto do edificio da Real Audiencia. As dependencias eran moi deficientes, como se documenta polos sucesivos informes dos arquiveiros ao cargo do centro, nos que fan referencia constante á carencia de espazo e ás pésimas condicións para a conservación e o acceso dos fondos documentais: escaseza ou carencia de luz natural, humidade constante, falla de espazo, pésimo acondicionamento etc.

O continuo incremento do volume documental do arquivo –xa que seguiu recibindo remesas continuas da Audiencia– obrigou a recorrer ao alugamento de casas onde depositar temporalmente parte dos procesos. Esta situación xerou, desde mediados do século XIX, numerosos proxectos de construción ou traslado, todos eles frustrados.

En 1936, as autoridades militares ordenan o traslado do arquivo desde o edificio de Capitanía Xeral aos sotos do Pazo de Xustiza, sede da Audiencia Territorial, o que non supuxo unha mellora no aloxamento.

Por fin, no ano 1952 comezan as obras de construción do actual edificio, situado no Xardín de San Carlos, con proxecto do arquitecto Antonio Tenreiro Rodríguez, que rematan en 1956. Era director entón Antonio Gil Merino e compartía sede coa Biblioteca Pública e coa Casa da Cultura. Desaparecida a Casa da Cultura na década dos anos 80, e ao trasladarse a Biblioteca á súa nova sede nos anos 90, o arquivo pasou a facerse cargo da totalidade do edificio.

No ano 1991, presentouse ante a Dirección de Arquivos Estatais do Ministerio de Cultura un proxecto de remodelación integral do edificio. Nesta época, acometeuse unha parte das obras, que consistiron no acondicionamento do antigo teatro situado nos sotos do edificio como depósito documental. Pero o arquivo seguía necesitando máis capacidade para poder afrontar as súas necesidades e as transferencias documentais pendentes. Non foi ata o ano 2000 cando se iniciou a remodelación do edificio, dentro do marco do convenio de colaboración asinado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte coa Xunta de Galicia en 1996. Estas obras remataron no ano 2003 e outorgáronlle, finalmente, ao Arquivo do Reino de Galicia unha sede e unhas instalacións acordes co cumprimento das funcións que a lexislación e a sociedade lle conceden.

Fondos e outras coleccións custodiadas:

(ver cadro de clasificación de fondos)

Fondos públicos:

- Administración de Xustiza: Real Audiencia de Galicia, para o Antigo Réxime; Audiencia Territorial de A Coruña; xulgados de ámbito de partido, local e xurisdicións especiais.
- Da fe pública: fondos notariais e rexistrais.
- Da Administración periférica do Estado custodia fondos do Antigo Réxime de ámbito galego, como a Real Intendencia de Galicia, o Goberno Civil ou a Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa do Reino de Galicia; e de ámbito provincial, como a Delegación de Economía e Facenda de A Coruña, de Educación, de Cultura, ou oficinas liquidadoras de Facenda.
- Da Administración territorial da Xunta de Galicia, na provincia de A Coruña, cos fondos documentais das delegacións provinciais de todas as consellerías.

- Custodia os fondos das institucións englobadas no Movemento Nacional instauradas a partir do alzamento militar de 1936.
- Da Administración corporativa, os fondos das cámaras agrarias, da propiedade urbana, de comercio, industria e navegación, colexios profesionais, corporacións sindicais, de sociedades estatais e empresas mixtas.
- Da Administración electoral custodia os fondos da Xunta Electoral Provincial.

Fondos privados:

- De persoas e familias, de asociacións e fundacións, empresas e institucións relixiosas: confrarías, clero e ordes militares.

Coleccións:

- Documentos en pergamino, coleccións cartográficas e iconográficas, coleccións de fotografías e coleccións de postais.

Instrumentos de descrición, guías e publicacións:

Instrumentos de descrición:

Gil Merino, Antonio. *Archivo Histórico del Reino de Galicia: guía del investigador*. Madrid: Servizo de Publicacións do Ministerio de Educación e Ciencia, 1976.

Arquivo do Reino de Galicia. *Colección cartográfica Martínez Barbeito*. A Coruña: Xunta de Galicia, 1991

Arquivo do Reino de Galicia. *Catálogo de instrumentos de descrición documental: Arquivo do Reino de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993.

Arquivo do Reino de Galicia. *Guía de fuentes documentales sobre familias en el Archivo del Reino de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995.

Arquivo do Reino de Galicia. *Guía de documentos cartográficos (mapas, planos y dibujos) en el Archivo del Reino de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995.



López Gómez, Pedro. *La Real Audiencia y el Archivo del Reino de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.

Existen numerosos instrumentos de descripción dos fondos do arquivo, especialmente catálogos.

Outros instrumentos:

<http://albala.arquivodegalicia.xunta.es/albala/opw/index.html>

Máis información na páxina web

ACCESO

Horarios de apertura:

Inverno: de luns a venres, de 8:30 h a 20:30 h

Verán (21 do xuño ao 21 de setembro): de luns a venres, de 8:30 h a 19:30 h

Festivos pechados ao público: 1 e 6 de xaneiro, xoves e venres de Pascua (datas variables), 1 de maio, 17 de maio, 25 de xullo, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6, 8, 24, 25 e 31 de decembro

Festivos locais: martes de Entroido, 7 de outubro

Condicións e requisitos para o uso e o acceso:



Consulta en sala

Libre acceso

Identificación con DNI ou pasaporte (Real decreto 1266/2006, do 8 de novembro)

Acceso aos fondos suxeito á normativa legal vixente en materia de protección de datos e consulta de documentos

Accesibilidade:



Acceso para persoas con discapacidade: si

Liñas de autobuses urbanos que conectan co arquivo: 1, 5, 7, 17

SERVIZOS

Servizos de axuda á investigación

- Sala de investigadores, con posibilidade de utilizar ordenadores e cámaras fotográficas propias, suxeito á normativa de consulta.
- Instrumentos de descrición en papel, opac para acceder ás bases de datos dos fondos do arquivo.
- Lectores de microfilme e ordenadores á disposición do público.
- Servizo de asesoramento para a busca e a localización de documentos.
- Consulta non presencial a través de correo postal, correo electrónico e fax.
- Biblioteca auxiliar de referencia de libre acceso. O Arquivo do Reino de Galicia conta cunha biblioteca auxiliar especializada en historia, arquivística, dereito e ciencias sociais. O catálogo está accesible mediante ficheiros (fichas e impresos en papel) e bases de datos no propio arquivo, así como vía web a través da páxina do arquivo.

Servizos de reprodución

- Realízanse copias en papel e dixitais. Formatos en papel: A4, A3 e superiores para documentos de gran tamaño. Tamén existe a posibilidade de gravar imaxes.
- As reproducións están suxeitas ás tarifas establecidas na normativa vixente que inclúe a realización da copia, a autorización para a súa edición, se é o caso, e o envío postal das copias.
- A solicitude de reprodución na sala realízase mediante un formulario. A reprodución para a edición precisa de autorización expresa dos responsables do arquivo e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- A reprodución debe respectar a finalidade para a que se concede a autorización..

Espazos públicos

- O Arquivo do Reino de Galicia conta cunha sala de exposicións temporais situada no propio edificio.
- Dispón dunha sala de conferencias na planta baixa e dunha sala de cursos no segundo andar.
- Biblioteca auxiliar de referencia.

CONTROL

Identificador da institución	ES GA 15030 ARG
Regras e/ou convencións	ISDIAH – Norma internacional para a descrición de institucións que custodian fondos de arquivo, 1. ^a edición, Consello Internacional de Arquivos.
Datas de creación, revisión ou eliminación	30/07/2012
Lingua(s) e escritura(s)	Galego: glg Español: spa
Fontes	Páxina web do arquivo Instrumentos sinalados na selección de instrumentos de descrición, guías e publicacións

FONDOS DOCUMENTAIS

Procedencia

Historicamente, o Arquivo do Reino de Galicia recibiu transferencias documentais da Real Audiencia de Galicia e do organismo que a substituíu, a Audiencia Territorial da Coruña.

No século XIX, recibiu ademais fondos da Real Intendencia de Galicia, do antigo Xulgado de Correos e Camiños e de protocolos notariais de escribáns defuntos.

No século XX, comeza a recibir fondos de ámbito provincial e de carácter rexistral, xudicial e da Administración central periférica, no contexto de diversas disposicións legais, en especial do Decreto 914/1969, do 8 de maio: contadorías de hipotecas, tribunais laborais da provincia da Coruña, delegación de Facenda, delegación provincial de Educación, Goberno Civil, delegación provincial da organización sindical etc.

Na actualidade, remiten regularmente os seus fondos documentais ao arquivo por transferencia os órganos da Administración xeral do Estado e da xudicial, así como as delegacións da Xunta na provincia da Coruña.

Recibe, ademais, fondos mediante outras formas de ingresos: doazóns, depósitos en réxime de comodato e compras. Por estas modalidades tiveron entrada no Arquivo do Reino de Galicia fondos documentais coma o do Colexio de Arquitectos de Galicia, arquivos de empresas (Faustino Fernández Manzano, Hijos de Simeón García y Cía de Vilagarcía de Arousa...), arquivos de familias (Marquesado de San Martín de Ombreiro, Condado de Prieque, Pazo de Brandeso, Torre Xunqueiras...) e arquivos individuais (María Barbeito, Carlos Martínez-Barbeito, Ricardo Palmás...).

O arquivo reúne máis de 250 fondos diferentes que comprenden 166.606 unidades de instalación e 96.830 unidades documentais. Todos eles ocupan arredor de 22.799 m de andeis. A súa cronoloxía é amplísima, xa que vai desde o ano 867 ata 2011.

Cadro de clasificación de fondos documentais

FONDOS	Datas extremas	Unidades de instalación	Unidades documentais
1. FONDOS PÚBLICOS			
1.1. XUDICIAIS			
1.1.1. Ámbito galego			
▪ Real Audiencia de Galicia	1504 - 1834	37.233	
▪ Audiencia Territorial da Coruña	1634 - 1971	2.903	
1.1.2. Ámbito provincial			
▪ Audiencia do Criminal de Santiago	1882 - 1891	5	
1.1.3. Ámbito de partido			
Xulgados de Primeira Instancia e Instrución de:			
▪ A Coruña	1905	1	
▪ A Coruña (Distrito da Audiencia)	1920 - 1955	169	
▪ A Coruña (Distrito do Instituto)	1932	2	
▪ A Coruña. Número 1	1915 - 1990	480	
▪ A Coruña. Número 2	1946 - 1983	8	
▪ A Coruña. Número 3	1945 - 1956	157	
1.1.4. Ámbito comarcal-distrito			
Xulgados comarcais de:			
▪ Ferrol	1521 - 1921	463	
▪ Oleiros	1946 - 1952	1	

FONDOS

	Datas extremas	Unidades de instalación	Unidades documentais
1.1.5. Ámbito local-municipal			
Xulgados municipais de:			
▪ A Coruña (Distrito del Instituto)	1945	1	
▪ A Coruña. Número 1	1940 - 1988	195	
▪ A Coruña. Número 2	1946 - 1970	126	
▪ Cambre	1946 - 1956	3	
1.1.6. Xurisdicións especiais			
▪ Tribunal Provincial do Contencioso Administrativo da Coruña	1888 - 1960	61	
▪ Xurado Mixto da Propiedade Rústica da provincia da Coruña	1933	1	
▪ Tribunal Especial de Foros	1944 - 1952	2	
Tribunais laborais	1911 - 1984	2.275	
▪ Tribunal Industrial da Coruña	1923 - 1937		
▪ Tribunal Industrial de Santiago	1911 - 1938		
▪ Tribunal Industrial de Ferrol	1925 - 1938		
▪ Tribunal Industrial de Noia	1926 - 1937		
▪ Tribunal Industrial de Pontevedra	1930 - 1937		
▪ Tribunal Industrial de Muros	1925 - 1938		
▪ Tribunal Industrial de Arzúa	1928 - 1938		
▪ Tribunal Industrial de Betanzos	1927 - 1936		
▪ Tribunal Industrial de Corcubión	1913 - 1938		
▪ Tribunal Industrial de Pontevedra	1925		
▪ Tribunal Industrial de Negreira	1926 - 1937		
▪ Tribunal Industrial de Ortigueira	1927 - 1936		
▪ Tribunal Industrial de Carballo	1931 - 1938		
▪ Tribunal Industrial de Padrón	1932 - 1936		
▪ Tribunal Industrial de Ordes	1932 - 1936		
▪ Comité Paritario da Coruña	1928 - 1938		
▪ Xurado Mixto da Coruña	1931 - 1938		
▪ Xurado Mixto de Ferrol	1933 - 1937		
▪ Maxistratura de Traballo da Coruña	1938 - 1945		
▪ Maxistratura de Traballo núm. 1 da Coruña	1945 - 1975		
▪ Maxistratura de Traballo núm. 2 da Coruña	1945 - 1975		
1.2. FÉ PÚBLICA			
1.2.1. Notariais	1559-1862	534	
Distritos notariais:			
▪ A Coruña	1587 - 1862		

FONDOS

	Datas extremas	Unidades de instalación	Unidades documentais
▪ A Estrada	1596 - 1773		
▪ A Fonsagrada	1804 - 1821		
▪ A Pobra de Trives	1540 - 1751		
▪ Agolada	1735		
▪ Arteixo	1797		
▪ Bande	1611 - 1716		
▪ Betanzos	1581 - 1788		
▪ Cambados	1572 - 1810		
▪ Carballo	1589 - 1811		
▪ Chantada	1519 - 1724		
▪ Corcubión	1590 - 1805		
▪ Ferrol	1607 - 1796		
▪ Lalín	1546 - 1749		
▪ Lugo	1524 - 1789		
▪ Mondoñedo	1600 - 1771		
▪ Monforte de Lemos	1567 - 1778		
▪ Noia	1539 - 1848		
▪ El Barco de Valdeorras	1574 - 1720		
▪ O Carballiño	1598 - 1797		
▪ Ourense	1525 - 1814		
▪ Ponteareas	1630 - 1770		
▪ Pontevedra	1565 - 1818		
▪ Ribadavia	1633 - 1765		
▪ Santiago de Compostela	1574 - 1831		
▪ Tui	1607 - 1730		
▪ Verín	1633 - 1765		
▪ Vigo	1558 - 1790		
▪ Vilagarcía de Arousa	1607 - 1794		
▪ Vilalba	1610 - 1793		
1.2.2. Rexistrais			
Contadorías de hipotecas	1768 - 1862	1.776	
▪ A Coruña	1768 - 1862		
▪ Ferrol	1768 - 1862		
▪ Noia	1769 - 1862		
▪ Ortigueira	1768 - 1862		
▪ Padrón	1795 - 1862		
▪ Pontedeume	1768 - 1862		

FONDOS

	Datas extremas	Unidades de instalación	Unidades documentais
Rexistros da propiedade		260	
▪ A Coruña	1863 - 1957		
▪ Ferrol	1863 - 1886		
▪ Negreira	1863 - 1895		
▪ Ortigueira	1864		
▪ Padrón	1863 - 1870		
Rexistros mercantís		260	
▪ A Coruña	1829 - 1910	8	
1.3. ADMINISTRACIÓN PERIFÉRICA DO ESTADO			
1.3.1. Ámbito galego			
▪ Real Intendencia de Galicia e Xulgado de Correos e Camiños	1713 - 1860	823	
▪ Arquivo do Reino de Galicia	1775 - 1986	476	
▪ Xunta Superior Provincial de Observación e Defensa de Galicia	1810 - 1813	3	
▪ Junta Superior de Subsídios, Armamento e Defensa do Reino de Galicia	1810 - 1813	46	
▪ Xefe Político Superior de Galicia	1812 - 1813	2	
▪ Diputación Única de Galicia	1813 - 1820	1	
▪ Capitán Xeral de Galicia	1820	1	
▪ Xunta Suprema de Galicia	1820	1	
▪ Parque e Maestranza de Artillería da Coruña (8. ^a Rexión Militar)	S. XIX - S. XX	250	
▪ Rexión Agronómica de Galicia e Asturias	1880 - 1952	2	
▪ Comisaría do Patrimonio Artístico e Monumental da Zona Noroeste	1945 - 1968	4	
▪ Delegación do Goberno en Galicia	1963 - 2003	281	
▪ Área de Alta Inspección de Educación na Comunidade Autónoma	1984 - 1997	81	
1.3.2. Ámbito provincial			
Administracións Públicas			
▪ Oficina Provincial da Mutualidade Nacional de Previsión da Administración Local (MUNPAL) da Coruña	1861 - 1985	7	
Economía e Facenda			
▪ Delegación Especial de Economía e Facenda da Coruña	1818 - 1991	21.410	
▪ Aduana de Betanzos	1845 - 1968	147	
▪ Xerencia Rexional do Catastro	1950 - 1990	16.293	
▪ Tribunal Económico-Administrativo	1958 - 1960	14	

FONDOS

	Datas extremas	Unidades de instalación	Unidades documentais
▪ Xurado Territorial Tributario	1964 - 1981	65	
▪ Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística da Coruña Oficinas liquidadoras	1970 - 1991	1.439	
▪ Corcubión	1957 - 1987	1	
▪ Ortigueira	1950 - 1974	82	
Comercio e Consumo			
▪ Delegación Provincial da Comisaría Nacional de Abastecementos e Transportes da Coruña	1942 - 1984	62	
Cultura			
▪ Casa da Cultura de A Coruña	1946 - 1984	25	
▪ Dirección Provincial de Cultura da Coruña	1950 - 1998	186	
▪ Delegación Local de Cultura de Santiago	1977 - 1984	77	
Educación e Investigación			
▪ Colexio de Orfas/Escola de Niñas de Betanzos	1648 - 1935	3	
▪ Delegación Provincial de Educación da Coruña	1834 - 1970	395	
▪ Escola Normal de Maestras	1878 - 1898	2	
▪ Xunta Provincial de Formación Profesional Industrial de A Coruña	1954 - 1972	36	
Industria			
▪ Dirección Provincial de Industria da Coruña	1958 - 1997	70	
▪ Subdelegación do Goberno. Área de Industria e Enerxía	1998 - 2001	25	
Medio Rural			
▪ Xefatura Agronómica de A Coruña	1879 - 1956	1	
▪ Xefatura Provincial do Servizo Nacional de Produtos Agrarios (SENPA) da Coruña	1938 - 1989	306	
Política Territorial			
▪ Xefatura Provincial de Estradas da Coruña	1852 - 1977	2.510	
Sanidade			
▪ Sanatorio Marítimo Nacional de Oza	1909 - 1989	565	
▪ Preventorio Infantil de Oza	1912 - 1967	18	
▪ Delegación/Dirección Provincial de Sanidade da Coruña	1917 - 1989	324	
▪ Enfermería Militar de Oza	1936 - 1939	11	
▪ Enfermería Militar de Labaca	1937 - 1939	2	
▪ Servizo de Rehabilitación e Recuperación de Inválidos	1953 - 1970	2	
▪ Comisión Provincial do Plus Familiar da Coruña	1955 - 1979	1	

FONDOS

	Datas extremas	Unidades de instalación	Unidades documentais
▪ Mutualidade de Funcionarios do Padroado Nacional Antituberculoso	1962 - 1984	6	
▪ Hospital Juan Canalejo. Centro Materno Infantil Teresa Herrera. Sección de Xenética	1973 - 1987	257	
Seguridade e Interior			
▪ Goberno Civil da Coruña	1847 - 1997	9.034	
▪ Subdelegación do Goberno da Coruña	1997 - 2002	1.884	
Servizos Sociais			
▪ Dirección Provincial de Traballo, Seguridade Social e Asuntos Sociais da Coruña	1978 - 1992	361	
Traballo			
▪ Organización Provincial de Traballos Portuarios da Coruña	1947 - 1986	3	
Turismo			
▪ Delegación Provincial de Información e Turismo da Coruña	1952 - 1978	151	
▪ Delegación Local de Información e Turismo de Santiago	1952 - 1978	84	
1.4. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA			
1.4.1. Ámbito galego	--	--	
1.4.2. Ámbito territorial			
Administracións Públicas			
▪ Delegación Provincial da Consellería de Presidencia e Administracións Públicas da Coruña	1962 - 2007	62	
Economía e Facenda			
▪ Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda da Coruña	1980 - 1999	6.136	
Oficinas liquidadoras de:			
▪ Carballo	1991 - 1998	253	
▪ Corcubión	1980 - 1999	314	
▪ Negreira	1984 - 1994	202	
▪ Noia	1983 - 1998	599	
▪ Padrón	1980 - 1998	340	
▪ Pontedeume	1987 - 1999	424	
▪ Santiago de Compostela	1984 - 1999	199	
Comercio e Consumo			
▪ Instituto Galego de Consumo	1987 - 2002	208	

FONDOS

	Datas extremas	Unidades de instalación	Unidades documentais
Cultura			
▪ Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Coruña	1978 - 2006	1.695	
▪ Delegación Comarcal da Consellería de Cultura de Ferrol	1994 - 2000	56	
Educación e Investigación			
▪ Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña	1855 - 1993	237	
Industria			
▪ Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Coruña	1901 - 2005	4.379	
Pesca			
▪ Escola Náutico Pesqueira de Ferrol	1984 - 1992	2	
Sanidade			
▪ Dirección Provincial de Saúde da Coruña	1981 - 1983	8	
Seguridade e Interior			
▪ Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña	1977 - 1997	981	
Servizos Sociais			
▪ Delegación Provincial da Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da Coruña	1970 - 1998	1.642	
▪ Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Coruña	1986 - 2004	3.244	
▪ Delegación Provincial da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar da Coruña	1984 - 2006	3.489	
1.5. ADMINISTRACIÓN LOCAL	--	--	
1.6. INSTITUCIÓN DO MOVEMENTO NACIONAL			
▪ Xefatura Comarcal do Movemento Nacional de Betanzos	1936 - 1970	21	
▪ Xefatura Comarcal/Local da Falanxe de Ortigueira	1936 - 1972	12	
▪ Delegación Provincial das Xuventudes da Coruña	1936 - 1982	80	
▪ Sección Naval do Frente de Xuventudes	1937 - 1983	326	
▪ Delegación Provincial da Sección Femenina da Coruña	1944 - 1981	55	

FONDOS

	Datas extremas	Unidades de instalación	Unidades documentais
▪ Patronato Provincial para a Mellora da Vivenda Rural da Coruña	1962 - 2002	162	
▪ Delegación Provincial de Asociacións/Delegación Provincial da Familia da Coruña	1964 - 1977	6	
1.7. ADMINISTRACIÓN CORPORATIVA			
1.7.1. Cámaras agrarias			
1.7.1.1. Ámbito provincial			
▪ Cámara Agraria Provincial de A Coruña	1961 - 2006	248	
1.7.2. Cámaras da propiedade urbana			
▪ A Coruña	1909 - 1998	328	
▪ Ferrol	1911 - 2000	304	
▪ Noia	S. XX	320	
1.7.3. Cámaras de comercio, industria e navegación			
▪ Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña	1903 - 1987	677	
1.7.4. Colexios profesionais			
▪ Colexio Oficial de Arquitectos da Coruña	1945 - 1989	7.043	
▪ Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais da Coruña	1978 - 1999	1.607	
▪ Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Ferrol	1978 - 2000	141	
▪ Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Pontevedra	1980 - 1986	7	
▪ Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Lugo	1981 - 1997	304	
1.7.5. Corporacións sindicais			
▪ Delegación provincial da Organización Sindical da Coruña	1942 - 1976	4.312	
▪ Delegación Comarcal da Organización Sindical de Betanzos	1955 - 1978	200	
1.8. ADMINISTRACIÓN ELECTORAL			
▪ Xunta Electoral Provincial da Coruña	1975 - 2005	2.349	
1.9. SOCIEDADES PÚBLICAS E EMPRESAS MIXTAS			
▪ ASTANO	1950 - 1962	1	
▪ Bazán	s.f.	1	
▪ Fábrica de Tabacos da Coruña	1854 - 2001	4.602	

FONDOS

Datas
extremasUnidades de
instalaciónUnidades
documentais

2. FONDOS PRIVADOS			
2.1. PERSOAS E FAMILIAS			
2.1.1. Persoas			
▪ Alfredo Álvarez Cascos	1878 - 1880	1	
▪ Andrés Martínez Salazar	1865 - 1923	5	
▪ Ángel Aperribay Pita de Veiga	1535 - 1988	60	
▪ Ángel del Castillo	S. XX	8	
▪ Carlos Martínez-Barbeito Morás	1867 - 1997	18	
▪ Faustino Fernández Manzano	1945 - 1980	1	
▪ Fernando Martínez Morás	1892 - 1937	1	
▪ Francisco Blanco Salcedo	1573 - 1581	1	
▪ Francisco Iglesias Brage	1911 - 1972	158	
▪ Jacobo Rey Sánchez	1958 - 1979	1	
▪ Jorge López de Santomé	1963	1	
▪ José Cornide Saavedra	1774 - 1834	22	
▪ Juan Martínez Morás	1904 - 1947	1	
▪ Manuel Roldán Martínez-Bolaños	1908 - 1989	37	
▪ María Barbeito y Cerviño	1901 - 1976	20	
▪ Ramón Suárez Picallo	1931 - 2008	2	
▪ Ricardo Palmás	1957 - 1996	14	
▪ Santiago Casares Quiroga	1798 - 1954	11	
▪ Vicenta Cortés Alonso	1789/1892-94 1961 - 1997	12	
▪ Victoria Fernández Manzano	1957 - 1979	1	
2.1.2. Familias			
▪ Casa de Grixoá	1554 - 1831	1	
▪ Condado de Priegue	1445 - 1978	14	
▪ Familia do Casal	1502 - 1926	5	
▪ Familia Fernández (Lugo)	1804 - 1900	1	
▪ Familia Pardo Gil Taboada	1534 - 1972	11	
▪ Familia Sarmiento Valladares	1187 - 1892	2	
▪ Familia Seara	1761 - 1959	4	
▪ Familia Vales	1794 - 1880	1	
▪ Familia Verdes	1846 - 1916	1	
▪ Granxa de Carballedo	1586 - 1791	1	
▪ Ozores de Prado, marqueses de San Martín de Ombreiro	1336 - 1954	85	
▪ Pazo de Brandeso	1375 - 1970	69	

FONDOS	Datas extremas	Unidades de instalación	Unidades documentais
▪ Pazo de Vieite	1499 - 1977	38	
▪ Pazo de Pastoriza	1393 - 1964	105	
▪ Pazo de Torre Xunqueiras	1296 - 1960	35	
2.2. ASOCIACIÓNS E FUNDACIÓNS			
▪ Asociación Xeral Patronal de Galicia	1933 - 1938	4	
▪ Comité de Enlace de Patronais de Galicia	1933 - 1936	1	
▪ Sindicato Libre e Independente da Administración de Xusticia	1977 - 1978	1	
2.3. EMPRESAS			
▪ Braña, Abella e Compañía	1852 - 1864	13	
▪ Confeccións e establecementos comerciais Acigar, El Dique/La Bahía, Dakar...	1927 - 1985	16	
▪ Hijos de Simeón García y Cía de Vilagarcía de Arousa	1878 - 1978	46	
▪ Mariqueta e Compañía	1709 - 1788	4	
▪ Sociedad La Terraza	1925 - 1937	1	
▪ Teatro Principal da Coruña	1901 - 1915	2	
2.4. INSTITUCIÓNS RELIXIOSAS			
2.4.1. Clero			
Clero regular	S. XIV - XIX	570	
▪ Convento de Santa Catalina de Montefaro	1401 - 1830	23	
3. COLECCIÓNS			
▪ Colección de documentos de pergameo	867 - 1688		1.200
▪ Coleccións fotográficas			
- Antonio Pérez	1910 - 1929		194
- Antonio Sánchez Díaz <i>Tonecho</i>	1950 - 1960		687
- Astano	1942 - 1970		10.413
- Celeiro	S. XX		50.000
- Colección de fotografías	1890 - 1980		6.715
- Compañía Española de Trabajos Fotogramétricos (CEFTA)	1948 - 1992		18.000
- Pedrosa Pérez Dávila	1900 - 1940		880
▪ Colección de postais	1900 - 1980		4.218
▪ Colección iconográfica de mapas, planos, debuxos e gravados	1525 - 2011		2.707
▪ Colección Luis Esquiro de cupóns, vales e billetes da Guerra Civil e posguerra	1936 - 1952		1.816
▪ Colección Vaamonde Lores	911 - 1896		10
TOTAL		166.606	96.830



Arquivo Histórico Provincial de Lugo

O Arquivo Histórico Provincial de Lugo é un centro de titularidade estatal e xestión transferida desde 1989 á Comunidade Autónoma de Galicia.



Depende organicamente da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Lugo e, funcionalmente, da Subdirección Xeral de Arquivos, dentro da Secretaría Xeral de Cultura.

Actualmente, custodia uns 18.000 m de documentación, procedente de todos os ámbitos e sectores da provincia. Presta servizo ao público, á Administración e aos investigadores.

Ten a súa sede nun edificio funcional situado na rúa Cambria, nas proximidades da zona vella da cidade.

IDENTIFICACIÓN

Identificador	ES GA 27028 AHPLU
Forma autorizada do nome	Arquivo Histórico Provincial de Lugo
Forma paralela do nome	Archivo Histórico Provincial de Lugo
Tipo de institución que conserva os fondos de arquivo	Público Titularidade: Administración xeral do Estado, Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Xestión: Administración autonómica, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia Tipoloxía: arquivo intermedio e histórico de ámbito provincial

CONTACTO

Localización e enderezo	Rúa Cambria, s/n 27002 Lugo, Galicia España
Teléfono	+ 34 982 227 956
Fax	+ 34 982 225 806
Correo electrónico	ahp.lugo.informacion@xunta.es
Enderezo web	http://arquivosdegalicia.xunta.es/portal/arquivo-historico-provincial-de-lugo/index.html
Persoa de contacto	Dirección: Dolores Pereira Oliveira

DESCRICIÓN

Historia da institución que custodia os fondos de arquivo

O Arquivo Histórico Provincial de Lugo foi creado pola Orde do Ministerio de Educación Nacional do 10 de maio de 1951, como resultado dun longo proceso iniciado en 1938 polo Padroado Provincial de Arquivos, Bibliotecas e Museos, a partir da publicación do Decreto conxunto dos ministerios de Xustiza e Instrución Pública e Belas Artes do 12 de novembro de 1931, polo que se crean os arquivos históricos provinciais.

Instalouse provisionalmente nuns locais cedidos pola Deputación no Palacio Provincial, provisionalidade que se mantivo ao longo de 37 anos, desde 1951 ata 1988, data na que se constrúe un edificio propio.

Coa construción deste edificio, o Arquivo Histórico Provincial de Lugo vai dispoñer de espazo para exercer os labores de custodia e servizo. Ata entón, e a causa do exíguo dos depósitos, só podía recoller os protocolos notariais do distrito de Lugo, do arquivo municipal da capital e das contadorías de hipotecas da cidade, pero os novos locais permítenlle cumprir desafogadamente coas súas funcións.

De titularidade estatal e xestión transferida á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa lexislación vixente, o Arquivo Histórico Provincial de Lugo é o encargado de recibir, custodiar e servir a documentación producida polos órganos da Administración periférica do Estado na provincia de Lugo, a documentación xudicial e tamén a producida polos órganos

periféricos da Xunta de Galicia en Lugo, e pode recibir, mediante compra, doazón ou depósito, fondos privados e coleccións documentais. Forma parte do Sistema de Arquivos de Galicia e do Sistema Estatal de Arquivos.

Contexto cultural e xeográfico

O Arquivo Histórico Provincial de Lugo naceu para recoller, custodiar e servir os protocolos notariais da provincia e, en virtude da lexislación que desenvolveu as funcións destes arquivos, foi asumindo progresivamente outros fondos e documentos, como os dos órganos xudiciais provinciais ou os das administracións central e autonómica na provincia. Custodia tamén documentos de procedencia privada (asociacións, empresas, familias...) e, en depósito, os do Concello de Lugo. Cronoloxicamente, os seus fondos documentais abranguen desde o século XV ata o século XX, pero existe algún documento solto datado no século XIV.

O arquivo responde á tipoloxía de arquivo intermedio e histórico e o ámbito provincial que abarca é o da provincia de Lugo.

Atribucións/Fontes legais

Decreto do 12 de novembro de 1931, dos ministerios de Xustiza e de Instrución Pública e Belas Artes, sobre o réxime e a denominación dos arquivos históricos de protocolos e os históricos provinciais (Gaceta núm. 317, do 14 de novembro de 1931).

Orde do Ministerio de Educación Nacional, do 10 de maio de 1951, pola que se crea o Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

Decreto 914/1969, do 8 de maio, de creación do Arquivo Xeral da Administración Civil (BOE núm. 125, do 26 de maio).

Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm.155, do 29 de xuño, corrección de erros BOE 296, do 11 de

Decreto 307/1989, do 23 de novembro, polo que se regula o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia (DOG núm. 23, do 1 de febreiro).

Orde do 30 de agosto de 2010 pola que se establecen as normas para a realización de transferencias documentais con destino aos arquivos dependentes da Xunta de Galicia (DOG núm. 174, do 9 de setembro).

Orde do 31 de agosto de 2010 pola que se establecen as normas para a consulta e a reprodución dos documentos nos arquivos propios e xestionados pola Xunta de Galicia (DOG núm. 175, do 10 de setembro).

Orde do 1 de setembro de 2010 pola que se establecen as normas para a realización de préstamos de documentos entre os arquivos propios e xestionados pola comunidade autónoma e as oficinas da Xunta de Galicia (DOG núm. 174, do 9 de setembro).

Decreto 219/2011, do 17 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos e as normas dos servizos de reprodución prestados nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia (DOG núm. 229, do 30 de novembro).

Estrutura administrativa

Dirección

Administración

Sección Arquivo

Laboratorio de restauración

Reprografía

Xestión de documentos e política de ingresos

Polo seu carácter de arquivo intermedio e histórico, recibe as seguintes transferencias documentais:

- Tribunais e xulgados do seu ámbito territorial: provinciais, de partido, locais e especiais
- Fondos documentais da fe pública
- Administración periférica do Estado de ámbito provincial
- Administración periférica da Comunidade Autónoma de Galicia na provincia de Lugo

O arquivo promove o incremento do patrimonio documental galego a través de compras, depósitos e doazóns de documentos maioritariamente de carácter privado.

Edificio

Metros cadrados dos depósitos: 2.262,84 m²

Metros de andeis: 20.000 m

Metros de documentación: 18.965 m

Unidades de instalación: 113.810 organizadas e instaladas definitivamente (15.487 m) e 3.446 sen organizar ou en proceso de organización

Metros cadrados totais: 3.501,48 m²

O edificio ten seis plantas, tres sobre a rasante e tres subterráneas, todas elas coas instalacións e coas medidas de seguridade precisas para o óptimo cumprimento das súas funcións, así como accesos e servizos para discapacitados.

Nas tres plantas sobre o chan atópanse os locais de traballo e de servizo ao público. Na planta baixa, o dique de recepción de documentos, a sala de limpeza e desinfección e a zona de usos múltiples, para difusión. Na primeira planta, oficinas, despachos, sala de reprografía, mecanización, sala de investigadores e biblioteca auxiliar. No segundo andar, a sala de clasificación de documentos, os laboratorios de restauración, fotografía e microfilme e salas de traballo técnico.

Nas tres plantas baixo o chan atópanse os depósitos, capaces de albergar uns 20.000 m de documentos nos andeis compactos de que están dotados.

Cada planta está dividida en 3 depósitos, cada un duns 200 m², pintados con pintura ignífuga e antifungos, con portas antiincendios, instalación eléctrica en tubos antideflagr

Fondos e outras coleccións custodiadas (ver cadro de clasificación de fondos)

Fondos públicos:

- Administración de Xustiza: Audiencia Provincial de Lugo, Audiencia do Criminal de Mondoñedo; xulgados de partido, local e xurisdicións especiais.
- Da fe pública: fondos notariais e contadorías de hipotecas .
- Da Administración periférica do Estado custodia fondos do Antigo Réxime de ámbito galego, como a Real Intendencia de Galicia. En cumprimento do establecido no artigo 5 do Decreto 914/1989, do 8 de maio, de creación do Arquivo Xeral da Administración Civil, a documentación producida polos servizos provinciais da Administración central ou institucional deberá ser remitida aos arquivos provinciais, que cumprirán a finalidade asignada ao Arquivo Xeral da Administración Civil. Así, o de Lugo custodia fondos de ámbito provincial, como o Goberno Civil de Lugo, o Padroado para a Mellora do Medio Rural, os documentos procedentes dos departamentos provinciais do Ministerio de Economía e Facenda en Lugo, así como os das oficinas liquidadoras de Facenda nas distintas localidades da provincia, e das delegacións na provincia do Instituto Nacional de Estatística, da Xerencia Territorial do Catastro de Lugo, dos ministerios de Comercio, Consumo, Cultura, Educación, Industria, Medio Rural, Política Territorial, Sanidade, Seguridade e Interior, Servizos Sociais, Traballo e Turismo.
- Da Administración territorial da Xunta de Galicia na provincia de Lugo, en cumprimento do establecido no Decreto 307/1989, do 23 de novembro, polo que se regula o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia, os arquivos históricos provinciais ingresan os documentos producidos polos servizos territoriais das institucións da comunidade autónoma. O de Lugo custodia fondos da totalidade dos departamentos da Xunta de Galicia en Lugo, salvo Pesca. É dicir: Administracións Públicas, Economía e Facenda, Comercio e Consumo, Cultura, Educación e Investigación, Industria, Medio Ambiente, Medio Rural, Política Territorial, Sanidade, Seguridade e Interior Servizos Sociais, Traballo e Turismo, así como das oficinas liquidadoras das diferentes localidades da provincia.
- Fondos das institucións englobadas no Movemento Nacional instauradas a partir do alzamento militar de 1936: delegacións provinciais da Sección Feminina, delegación provincial de Educación Física e Deportes e Fronte de Xuventudes.
- Da Administración corpor

- Da Administración electoral, custodia os fondos da Xunta Electoral Provincial.

Fondos privados:

- De persoas e familias, empresas, asociacións e fundacións.

Coleccións:

- Documentos en pergameo, coleccións cartográficas e iconográficas, coleccións de fotografías e coleccións de postais.

Na actualidade, o arquivo reúne máis de 90 fondos diferentes que comprenden 113.810 unidades.

Instrumentos de descrición, guías e publicacións

Instrumentos de descrición:

Fernández Gallego, M.^a José; Pereira Oliveira; M.^a Dolores, Villares Cuba; Dulce M.^a. *Archivo Histórico Provincial de Lugo. Guía de sus fondos*. Lugo: Deputación Provincial, 1992.

Jaramillo Guerreira, Miguel Ángel. *Guía del Archivo Histórico Provincial de Lugo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, D. L.1993.

Arquivo Histórico Provincial de Lugo. *Casas e rúas de Lugo, 1890-1920. A conformación da cidade actual*. Lugo: Xunta de Galicia, D. L. 1991. (Esgotado).

Arquivo Histórico Provincial de Lugo. *A muralla de papel*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, D. L. 1992.

Arquivo Histórico Provincial de Lugo. *A cidade e as xentes. L*

Arquivo Histórico Provincial de Lugo. *As nosas paisaxes. Fotografías de Juan José Vivancos no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1999.

Arquivo Histórico Provincial de Lugo. *Lugo nun obxectivo: fondo fotográfico Juan José no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2000.

Arquivo Histórico Provincial de Lugo. *Loty: As fotografías de Charles López Alberty Jeanneret no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2001.

Arquivo Histórico Provincial de Lugo. *Minaría. Expedientes de explotacións mineiras no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, D. L. 2004.

Arquivo Histórico Provincial de Lugo. *O Catastro do Marqués de la Ensenada no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, D. L. 2006.

Outros instrumentos:

<http://albala.arquivodegalicia.xunta.es/albala/opw/index.html>

Máis información na páxina web do arquivo.



ACCESO

Horarios de apertura

Inverno e verán: de luns a venres, de 8:30 h a 20:30 h

Festivos pechados ao público: 1 e 6 de xaneiro, xoves e venres de Pascua (datas variables), 1 de maio, 17 de maio, 25 de xullo, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6, 8, 24, 25 e 31 de decembro

Festivos locais: martes de Entroido (variable) e 5 de outubro

Condicións e requisitos para o uso e o acceso

Consulta en sala



Libre acceso

Identificación con DNI ou pasaporte (Real Decreto 1266/2006, do 8 de novembro)

▪ Bulas manuscritas e letras apostólicas en pergameo	1503-1727			56 ^P
▪ Miscelánea de papeis	1586-1853	1*		
▪ Obras literarias	s.a.	1*		
▪ Partituras musicais	s.a.	1*		
▪ Pergameos impresos	1494-1770			40 ^P
▪ Pergameos manuscritos	1207-1668			91 ^P
▪ Planas de caligrafía	s.a.	1*		
▪ Restos de códices	s.a.	1*		105 ^U
▪ Carteis				736 ^U
▪ Gravados				22 ^U
▪ Mapas e planos (s. XVII-XIX)				11 ^U
TOTAL			24.110	4.104

* = caixa compartida; P = pergameo; M = rolo de microfilm ; N = negativos en cristal; U = unidades documentais



Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

O Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra é un centro de titularidade estatal e xestión transferida desde 1989 á Comunidade Autónoma de Galicia.



Depende orgánicamente da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Pontevedra e, funcionalmente, da Subdirección Xeral de Arquivos, dentro da Secretaría Xeral de Cultura.

Custodia preto de 9 km de documentos. O acceso á documentación é libre, coas restricións que imponen a lexislación vixente e o seu estado de conservación.

Ten a súa sede na chamada Casa dos Fonseca, no Paseo de Colón de Pontevedra.

IDENTIFICACIÓN

Identificador	ES GA 36038 AHPPo
Forma autorizada do nome	Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
Forma paralela do nome	Archivo Histórico Provincial de Pontevedra
Tipo de institución que conserva os fondos de arquivo	Público Titularidade: Administración xeral do Estado, Ministerio de Educación, Cultura e Deporte Xestión: Administración autonómica, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia Tipoloxía: arquivo intermedio e histórico de ámbito provincial

CONTACTO

Localización e enderezo	Paseo de Colón , 4 36002 Pontevedra, Galicia España
Teléfono	+ 34 986 852 118
Fax	+ 34 986 852 118
Correo electrónico	arq.historico.pontevedra@xunta.es
Enderezo web	http://arquivosdegalicia.xunta.es/portal/arquivo-historico-provincial-de-pontevedra/index.html
Persoa de contacto	Dirección: Carmen L. Corgo Solleiro

DESCRICIÓN

Historia da institución que custodia os fondos de arquivo

Os arquivos históricos provinciais teñen a súa orixe no Decreto do 12 de novembro de 1931, dos ministerios de Xustiza e de Instrución Pública e Belas Artes, sobre o réxime e denominación dos arquivos históricos de protocolos, que dispón que os protocolos notariais de máis de cen anos que non estivesen nos arquivos das capitais do colexio notarial formen o fondo inicial dos arquivos históricos provinciais de cada capital de provincia. En posteriores disposicións, ampliáanse as competencias dos arquivos provinciais para reunir a documentación xudicial, dos rexistros da propiedade, das delegacións de Facenda etc. e adquiren o seu perfil máis nido co Decreto 914/1969, do 8 de maio, de creación do Arquivo Xeral da Administración Civil, polo que se establece que toda a documentación producida por organismos da Administración central e institucional na provincia se envíe aos arquivos histórico provinciais. Ese perfil servirá de referente para a creación posterior do sistema arquivístico territorial da Comunidade Autónoma galega.

Os pasos necesarios para a creación do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra levounos a cabo o arquivista da Delegación de Facenda e director da Biblioteca Pública D. Enrique Fernández-Villamil y Alegre quen, en cumprimento do Decreto de 1931, constituíu o padroado fundacional do arquivo, en febreiro de 1932. O primeiro protocolo ingresa no arquivo o 4 de agosto de 1934.

Desde o local inicial cedido pola Delegación de Facenda e por mor das súas limitacións espaciais, en 1940 procédese ao seu traslado ao Instituto Nacional de Ensino Medio. A súa maior amplitude permitiu a incorporación de case todos os protocolos centenarios da provincia, dalgúns fondos particulares e da parte histórica do Arquivo Municipal de Tui.

No ano 1960, trasladouse á súa sede actual, no Paseo Colón da cidade de Pontevedra.

De acordo coa nova organización territorial do Estado español e coa correspondente transferencia da xestión dos arquivos de titularidade estatal á Comunidade Autónoma de Galicia no ano 1989, na actualidade, o Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra é o encargado de recibir, custodiar e servir a documentación producida polos órganos das administracións periféricas do Estado e autonómica na provincia, así como a xudicial.

Así mesmo, poden ingresar mediante compra, doazón ou depósito fondos privados e coleccións documentais.

Contexto cultural e xeográfico

A división territorial do Estado que se estableceu mediante real decreto en 1833 delimitou, entre outras, a provincia de Pontevedra e fixou a vila de Pontevedra como a súa cabeza. A que fora o burgo Ponte Veteri desde o século XII púxose á fronte dun extenso territorio tradicionalmente moi dinámico tanto desde o punto de vista social coma económico. De feito, non foi casualidade que dous anos máis tarde, en 1835, se lle concedese o título de cidade.

Así, pola súa orixe, o Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra está vinculado aos organismos públicos establecidos na provincia de Pontevedra. Dos fondos documentais que testemuñan a súa actividade foron recollidos, nun primeiro momento, os dos distritos notariais da provincia, para despois ir incorporando os fondos de órganos xudiciais, os das administracións central e autonómica delegadas, así como os depósitos de fondos municipais, asociacións e colexios profesionais e arquivos privados. Destacan, tamén, as coleccións de documentos en pergameo e a documentación fotográfica e iconográfica de mapas, planos, debuxos e gravados.

Cronoloxicamente, os seus fondos documentais abarcan desde o século XV ata o século XX, pero existen documentos soltos datados no século XIV.

Atribucións/Fontes legais

- Decreto do 12 de novembro de 1931, dos ministerios de Xustiza e de Instrución Pública e Belas Artes, sobre o réxime e a denominación dos arquivos históricos de protocolos e os históricos provinciais (Gaceta núm. 317, do 13 de novembro de 1931).
- Decreto do 24 de xullo de 1947, do Ministerio de Educación Nacional, sobre ordenación dos arquivos e bibliotecas do tesouro histórico-documental e bibliográfico (BOE núm 229, do 31 de agosto).
- Decreto 914/1969, do 8 de maio, de creación do Arquivo Xeral da Administración Civil (BOE núm. 125, do 26 de maio).
- Real decreto 1192/1977, do 28 de marzo, polo que se recoñecen como arquivos históricos provinciais os depósitos actualmente existentes en varias provincias, así como o Histórico Provincial e Universitario de Valladolid e o Histórico de Mahón (Menorca) (BOE núm. 129, do 31 de maio).
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 155, do 29 de xuño, corrección de erros BOE núm. 296, do 11 de decembro).
- Convenio entre o Ministerio de Cultura e a Xunta de Galicia sobre xestión de arquivos de titularidade estatal (Resolución do 14 de decembro de 1989, polo que se lles dá publicidade aos convenios. BOE núm. 303, do 19 de decembro).
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 214, do 8 de novembro).
- Decreto 307/1989, do 23 de novembro, polo que se regula o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia (DOG núm. 23, do 1 de febreiro).
- Orde do 30 de agosto de 2010 pola que se establecen as normas para a realización de transferencias documentais con destino aos arquivos dependentes da Xunta de Galicia (DOG núm. 174, do 9 de setembro).
- Orde do 31 de agosto de 2010 pola que se establecen as normas para a consulta e a reprodución dos documentos nos arquivos propios e xestionados pola Xunta de Galicia (DOG núm. 175, do 10 de setembro).
- Orde do 1 de setembro de 2010 pola que se establecen as normas para a realización de préstamos de documentos entre os arquivos propios e xestionados pola comunidade autónoma e as oficinas da Xunta de Galicia (DOG núm. 174, do 9 de setembro).
- Decreto 219/2011, do 17 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos e as normas

dos servizos de reprodución prestados nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia (DOG núm. 229, do 30 de novembro).

Estrutura administrativa

Dirección

Administración

Sección de Arquivo³³

Reprografía

Biblioteca auxiliar

Xestión de documentos e política de ingresos

Polo seu carácter de arquivo intermedio e histórico, recibe as seguintes transferencias documentais:

- Tribunais e xulgados do seu ámbito territorial: provincias, de partido, locais e especiais.
- Fondos documentais da fe pública.
- Administración periférica do Estado de ámbito provincial.
- Administración periférica da Comunidade Autónoma de Galicia na provincia de Pontevedra.

O arquivo promove o incremento do patrimonio documental galego a través de compras, depósitos e donacións de documentos maioritariamente de carácter privado.

Edificio

Metros cadrados dos depósitos: 1.961,18 m²

Metros lineais de andeis: 11.000 m

O Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra está instalado na antiga Casa de Cultura, no número 4 do Paseo de Colón. O edificio, antes Pazo dos Fonseca, foi construído no 1910 e adquirido en 1955 polo Ministerio de Educación Nacional para albergar o Arquivo Histórico e a Biblioteca Pública provincial. Foi adaptado para esta función polo arquitecto Argenti e o arquivo, ubicado ata entón no edificio do Instituto de Ensino Medio de Pontevedra, trasladouse

³³ Trátase dun ámbito funcional.

aos novos locais en 1960. É unha construción sobria e elegante, rodeada dun pequeno xardín pechado por unha cancela. Accédese por unha escalinata ampla flanqueada por dúas palmeiras e dúas esfinxes de pedra. A fachada é de perpiaño labrado neoclásico, cun pórtico de oito columnas que sosteñen un frontón no que se abre unha fiestra semicircular. No alto, a cada lado do frontón, hai dous grifóns alados. Consta de dúas plantas e ático, aos que se xuntan pola parte de atrás os depósitos.

Unha vez trasladada a biblioteca a un novo edificio, o arquivo ocupa todo o espazo. Polo incremento do volume documental xerado nos últimos anos, especialmente por mor dos documentos producidos pola Administración autonómica, foi necesario ampliar a capacidade do depósito e alugar dous locais moi próximos á sede que se equiparon con andeis metálicos e coas medidas de seguridade pertinentes.

Fondos e outras coleccións custodiadas

(ver cadro de clasificación de fondos)

Fondos públicos:

- Administración de xustiza: Audiencia Provincial de Pontevedra, xulgados dos ámbitos de partido, local e xurisdicións especiais.
- Da fe pública: fondos notariais e contadorías de hipotecas.
- Da Administración periférica do Estado: custodia fondos do Antigo Réxime de ámbito galego, como a Real Intendencia de Galicia (Catastro de Ensenada). En cumprimento do establecido no artigo 5 do Decreto 914/1969, do 8 de maio, de creación do Arquivo Xeral da Administración Civil, a documentación producida polos servizos provinciais da Administración central ou institucional deberá ser remitida aos arquivos provinciais que cumprirán a finalidade asignada ao Arquivo Xeral da Administración Civil. Así, o de Pontevedra custodia fondos de ámbito provincial, como o Goberno Civil, as delegacións ou direccións provinciais dos ministerios en Pontevedra, de Economía e Facenda e as oficinas liquidadoras de Facenda nas distintas localidades da provincia, de Comercio, Educación, Cultura, Industria, Medio Rural, Política Territorial, Sanidade, Seguridade e Interior, Servizos Sociais e Traballo.

- Da Administración territorial da Xunta de Galicia na provincia: en cumprimento do establecido no Decreto 307/1989, do 23 de novembro, polo que se regula o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia (DOG núm. 23, do 1 de febreiro de 1990), os arquivos históricos provinciais reciben os documentos producidos polos servizos territoriais das institucións da comunidade autónoma. Así, custódiáanse neste arquivo fondos das xefaturas territoriais de Economía e Facenda de Vigo e Pontevedra e oficinas liquidadoras, e os de Servizos Sociais.
- Fondos das institucións englobadas no Movemento Nacional instauradas a partir do alzamento militar de 1936: Xefatura Provincial do Movemento, delegacións provinciais da Sección Feminina, de Auxilio Social e Fronte de Xuventudes.
- Da Administración corporativa, custódiáanse os fondos das cámaras agrarias, da propiedade urbana, de comercio, industria e navegación, colexios profesionais e corporacións sindicais.
- Da Administración electoral: custódiáanse os fondos da Xunta Electoral Provincial.

Fondos privados:

- De persoas e familias, asociacións e fundacións e institucións relixiosas (confrarías, clero e ordes militares).
- Na actualidade, o arquivo reúne máis de 80 fondos diferentes que comprenden 60 559 unidades de instalacións. A súa cronoloxía é amplísima, pois vai desde o século XIV ata o XX.

Coleccións:

- Documentos en pergameo, coleccións cartográfica e iconográfica, coleccións de fotografías, que fan un total de máis de 500 unidades documentais.

Biblioteca auxiliar:

Componse de 4150 volumes e 489 publicacións periódicas e está especializada en Historia e Arquivística, fundamentalmente.

Instrumentos de descripción, guías e publicacións

Instrumentos de descripción:

López Gómez, Pedro; Barahona Riber, María Dolores. *Archivo Histórico Provincial Pontevedra: guía del investigador*. Madrid: Ministerio de Educación e Ciencia, Servizo de Publicacións, 1977.

López Gómez, Pedro. *Archivo Histórico Provincial Pontevedra: 50 aniversario (1934-1984)*. Madrid: Subdirección Xeral de Arquivos, 1984.

López Gómez, Pedro. *Fuentes documentales sobre montes y dehesas del Archivo Histórico Provincial de Pontevedra*. Madrid: Subdirección Xeral de Arquivos, 1980.
Separata de: *El monte en Galicia: fuentes para su estudio*.

Fernández Villamil y Alegre, Enrique. *La Biblioteca Pública y Archivo Histórico Provincial de Pontevedra*. Madrid: Dirección Xeral de Arquivos e Bibliotecas, 1954.
Separata de: *Boletín de la Dirección General de Archivos y Bibliotecas*

Outros instrumentos:

<http://albala.arquivodegalicia.xunta.es/albala/opw/index.html>

<http://www.depontevedra.es/?1,6285>

Máis información na páxina web do arquivo



ACCESO

Horarios de apertura

Inverno: de luns a venres, de 8:30 h a 20:00 h

Verán (do 21 de xuño ao 21 de setembro): de luns a venres, de 9 h a 19 h

Festivos pechados ao público: 1 e 6 de xaneiro, 19 de marzo (variable), xoves e venres de Pascua (datas variables), 1 de maio, 17 de maio, 25 de xullo, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6, 8, 24, 25 e 31 de decembro

Festivos locais: mércores de cinza e 11 de xullo

Condicións e requisitos para o uso e o acceso

Libre acceso

Consulta en sala

Identificación con DNI ou pasaporte (Real decreto 1266/2006, do 8 de novembro)

Acceso aos fondos suxeito á normativa legal vixente en materia de protección de datos e consulta de documentos.

Accesibilidade

Acceso para persoas con discapacidade: non

SERVIZOS

Servizos de axuda á investigación

- Sala de investigadores con 15 postos.
- Instrumentos de descrición en papel e opac para acceder ás bases de datos dos fondos do arquivo.
- Lectores de microfilme e ordenadores á disposición do público.
- Servizo de asesoramento para a busca e a localización de documentos.
- Consulta a través de correo postal, correo electrónico e fax.
- Biblioteca auxiliar de referencia.

Servizos de reprodución

- Realízanse copias en papel e dixitais. Formatos en papel: A4, A3 e superiores para documentos de gran tamaño. Tamén existe a posibilidade de grabar imaxes.
- As reproducións están suxeitas ás tarifas establecidas na normativa vixente que inclúe a realización da copia, a autorización para a súa edición, se é o caso, e o envío postal das copias.
- A solicitude de reprodución en sala realízase mediante un formulario. A reprodución para a edición precisa de autorización expresa dos responsables do arquivo.
- A reprodución debe respectar a finalidade para a que se concede a autorización.
- A utilización de cámaras propias está suxeita á normativa ao respecto.

Espazos públicos

- Biblioteca auxiliar de referencia

CONTROL

Identificador da institución	ES GA 36038 AHPPo
Regas e/ou convencións	ISDIAH – Norma internacional para a descrición de institucións que custodian fondos de arquivo, 1. ^a edición, Consello Internacional de Arquivos.
Datas de creación, revisión ou eliminación	30/07/2012
Lingua(s) e escritura(s)	Galego: glg Español: spa
Fontes	Páxina web do arquivo

FONDOS DOCUMENTAIS

Procedencia

Pola normativa que o regula, o Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra recibe as transferencias documentais dos órganos xudiciais da provincia, Audiencia e xulgados, así como

os protocolos notariais de máis de cen anos de antigüidade.

Desde a súa creación, recibiu os fondos da Real Intendencia de Galicia (Catastro de Ensenada), fondos de ámbito provincial de carácter rexistral, xudicial e da Administración central periférica, no contexto de diversas disposicións legais, en especial do Decreto 914/1969, do 8 de maio: contado-rías de hipotecas, tribunais labo-rais da provincia, delegación de Facenda, delegación provincial de Educación, Goberno Civil, delegación provincial da organización sindical etc.



Na actualidade, remiten regularmente os seus fondos documentais ao arquivo mediante transferencia os órganos da Administración xeral do Estado e das xefaturas territoriais da Xunta de Galicia na provincia.

Outras formas de ingreso de fondos son as doazóns e depósitos en réxime de comodato. Pola modalidade de comodato, tivo entrada recentemente no arquivo o fondo documental do Colexio de Arquitectos de Vigo.

Cadro de clasificación de fondos documentais

FONDOS	Datas extremas	Unidades instalación	Unidades documentais
1. FONDOS PÚBLICOS			
1.1. XUDICIAIS			
1.1.1. Ámbito galego	--	--	--
1.1.2. Ámbito provincial			
▪ Audiencia Provincial de Pontevedra	1925-1975	1.321	
1.1.3. Ámbito de partido			
▪ Xulgados de Primeira Instancia e Instrución de:			
▪ Cambados. Número 1	1933-1991	1.280	

FONDOS	Datas extremas	Unidades instalación	Unidades documentais
▪ Pontevedra. Número 1	1930-1974	815	
▪ Redondela. Número 1	1929-1970	225	
▪ Tui. Número 1	1933-1990	1.019	
▪ Vigo. Número 1	1882-1986	1.065	
▪ Vigo. Número 2	1933-1983	683	
▪ Vigo. Número 3	1966-1985	94	
Xulgados de Primeira Instancia de:			
▪ Vigo. Número 10	1990-1991	151	
1.1.4. Ámbito comarcal-distrito			
Xulgados de distrito de:			
▪ A Guarda	1863-1989	219	
▪ Cambados	1938-1977		
▪ Marín	1910-1970		
▪ Sanxenxo	1956-1989	360	
▪ Tui	1911-1990	442	
▪ Vigo. Número 1	1913-1977	392	
▪ Vigo. Número 2	1933-1980	175	
1.1.5. Ámbito local-municipal			
1.1.6. Xurisdicións especiais			
▪ Tribunal Provincial do Contencioso Administrativo de Pontevedra	1892-1969	127	
▪ Maxistraturas de traballo de:			
▪ Pontevedra. Número 1	1953-1988	1.135	
▪ Vigo. Número 1	1943-1980	844	
▪ Vigo. Número 2	1976-1986	458	
1.2. FE PÚBLICA			
1.2.1. Notariais	1503-1933	7.216	
Distritos notariais:			
▪ Cambados	1559-1910		
▪ A Estrada	1563-1911		
▪ Lalín	1557-1910		
▪ Ponteareas	1612-1914		
▪ Pontevedra	1503-1911		
▪ Tui	1600-1909		
▪ Vigo	1541-1910		
▪ Vilagarcía de Arousa	1574-1933		
1.2.2. Rexistrals			
Contadorías de hipotecas de:			
▪ Cambados	1839-1862	43	

FONDOS	Datas extremas	Unidades instalación	Unidades documentais
▪ A Cañiza	1766-1862	45	
▪ Lalín	1766-1862	56	
▪ Ponte Caldelas	1764-1862	30	
▪ Ponteareas	1768-1862	37	
▪ Pontevedra	1771-1862	30	
▪ Redondela	1774-1862	48	
▪ Tabeirós (A Estrada)	1768-1862	77	
▪ Tui	1768-1839	89	
▪ Vigo	1769-1862	94	
1.3. ADMINISTRACIÓN PERIFÉRICA DO ESTADO			
1.3.1. Ámbito galego			
▪ Real Intendencia de Galicia	1752-1753	874	
1.3.2. Ámbito provincial			
Economía e Facenda			
▪ Delegación de Facenda de Pontevedra	1837-1991	21.785	
▪ Delegación de Facenda de Vigo	1837-1991	3.657	
▪ Delegación Provincial del Instituto Nacional de Estadística de Pontevedra	1970-1983	2.678	
Oficinas liquidadoras de:			
▪ Caldas de Reis	1976-1983	30	
▪ Cambados	1874-1983	452	
▪ Lalín	1892-1983	176	
▪ Ponteareas	1950-1983	11	
▪ Redondela	1927-1983	76	
▪ Tui	1971-1983	43	
Comercio e Consumo			
▪ Delegación Provincial da Comisaría Nacional de Abastecementos e Transportes de Pontevedra	1944-1950	49	
Cultura			
▪ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra	1934-	120	
▪ Delegación Provincial de Información e Turismo de Pontevedra	1939-1978	165	
▪ Delegación Local de Información e Turismo de Vigo	1940-1979	124	
Educación e Investigación			
▪ Instituto de Pontevedra	1845-1945	704	
▪ Delegación Provincial de Educación de Pontevedra	1.ª metade s. XX		

FONDOS	Datas extremas	Unidades instalación	Unidades documentais
▪ Instituto Provincial de Psicoloxía Aplicada e Psicotecnia.	1964-1982	211	
Industria			
▪ Delegación Provincial de Industria de Pontevedra	S. XX		
Medio rural			
▪ Servizos Forestais ³⁴	1861-1983	1.173	
▪ Xefatura Provincial do Instituto Nacional de Reforma e Desenvolvemento Agrario (IRYDA) de Pontevedra	1970	52	
Política Territorial			
▪ Xefatura Provincial de Estradas de Pontevedra	1857-1984	886	
Sanidade			
▪ Sanidade Exterior de Vigo	1803-1934	243	
Seguridade e Interior			
▪ Gobierno Civil de Pontevedra ³⁵	1833-1996	1.029	
▪ Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra	1903-1959, 2003-2005	502	
Servizos Sociais			
▪ Xunta Provincial de Protección de Menores de Pontevedra	1928-1989	160	
▪ Xunta Provincial de Protección da Muller de Pontevedra	1944-1986	18	
▪ Delegación Provincial do Instituto Nacional de Asistencia Social (INAS) de Pontevedra	1974-1984	141	
Traballo (V.a.: Servizos sociais)			
▪ Delegación Provincial de Traballo de Pontevedra	1969-1985	691	

34 A documentación remitida pola Consellería de Medio Rural contén documentos do distrito forestal, do Servizo de Montes da Deputación e do ICONA. Está pendente de realizarse unha descrición de cada un dos fondos.

35 Inclúe a documentación procedente das comisarías de Pontevedra e Vigo.

FONDOS	Datos extremas	Unidades instalación	Unidades documentais
1.4. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA			
1.4.1. Ámbito galego	--	--	
1.4.2. Ámbito territorial			
Economía e Facenda			
▪ Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda de Pontevedra	1984-1990	129	
▪ Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda de Vigo	1984-1990	226	
Oficinas liquidadoras de:			
▪ Caldas de Reis	1984-1990	113	
▪ Cambados	1984-1994	71	
▪ Lalín	1984-1993	132	
▪ Pontearreas	1984-1993	63	
▪ Redondela	1984-1993	40	
▪ Tui	1984-1995	68	
▪ Vilagarcía de Arousa	1985-1994	80	
Servizos sociais			
▪ Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración de Pontevedra	1983-1989	6	
1.5. ADMINISTRACIÓN LOCAL			
1.5.1. Ámbito provincial	--	--	
1.5.2. Ámbito municipal			
Concellos de:			
▪ Pontevedra	1438-1908	160	
▪ Tui	1597-1834	145	
▪ Hospital de San Juan de Dios de Pontevedra	1609-1929	14	
1.6. INSTITUCIÓN DO MOVEMENTO NACIONAL			
▪ Xefatura Provincial do Movemento de Pontevedra	1932-1972	446	
▪ Delegación Provincial da Sección Feminina de Pontevedra	1936-1978	145	
▪ Delegación Provincial del Auxilio Social de Pontevedra	1937-1974	324	
▪ Delegación Provincial do Frente de Xuventudes de Pontevedra	1945-1977	235	

FONDOS

Datas
extremasUnidades
instalaciónUnidades
documentais**1.7. ADMINISTRACIÓN CORPORATIVA****1.7.1. Cámaras agrarias****1.7.1.1. Ámbito provincial**

--

--

1.7.1.2. Ámbito local

- Cámaras agrarias locais de Pontevedra

1945-1996

136

1.7.2. Cámaras da propiedade urbana

- Pontevedra

?-2000

- Vigo

1921-2000

1.7.3. Cámaras de comercio, industria e navegación

--

--

1.7.4. Colexios profesionais

- Colexio Oficial de Arquitectos de Vigo.
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrícolas e Peritos Agrícolas de Pontevedra

1953-1977

1558

1977-1979

1.7.5. Corporaciónes sindicais

- Delegación Provincial da Organización Sindical de Pontevedra

1940-1979

1728

1.8. ADMINISTRACIÓN ELECTORAL

- Xunta Electoral Provincial de Pontevedra

1996-1997

1.9. SOCIEDADES PÚBLICAS E EMPRESAS MIXTAS**2. FONDOS PERSOAIS****2.1. PERSOAS E FAMILIAS****2.1.1. Persoas**

- Rafael Picó Cañeque

1889-1958

51

10

2.1.2. Familias

- Familia Baeza Buceta
- Familia Bugallal
- Familia Llauger

1577-1920

7

1683-1872

1

1585-1969

21

2.2. ASOCIACIÓNES E FUNDACIÓNES

- Hospital de Pobres de Redondela
- Instituto Antirrábico Cobián Areal de Pontevedra


1635-1841

1

1894-1929

16

FONDOS	Datas extremas	Unidades instalación	Unidades documentais
2.3. EMPRESAS	--	--	
2.4. INSTITUCIÓNS RELIXIOSAS			
2.4.1. Confrarías e obras pías			
▪ Congregación de Nosa Señora da Concepción e da Misericordia de Pontevedra	1489-1839	4	
▪ Confraría da Virxe Peregrina de Pontevedra	1594-1898	8	
2.4.2. Clero			
▪ Igrexa católica	s. XV-XIX	10	
2.4.3. Ordes militares			
- Orde de San Xoán de Xerusalén:			
▪ Encomenda de Beade	1357-1776	1	
3. COLECCIÓN			
▪ Colección de documentos en pergameo	s. XIV-XVII		66
▪ Colección de fotografías	s. XIX-XX		333
▪ Colección iconográfica de mapas, planos, debuxos, gravados	1598-1998		106
TOTAL		60.559	515



Arquivo Central da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

O Arquivo Central da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria recolle a documentación producida polas unidades administrativas dos servizos centrais desta consellería. Depende orgánicamente da Subdirección Xeral de Xestión Cultural da Secretaría Xeral Técnica da Consellería e, funcionalmente, está ligado á Subdirección Xeral de Arquivos da Secretaría Xeral de Cultura.



Ten a súa sede no edificio administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela, e actualmente ocupa dous locais, oficina e depósitos, nos sotos do bloque 3, onde se sitúan os departamentos de Facenda e de Cultura.

O arquivo presta o seu servizo principalmente mediante préstamos e buscas ás oficinas produtoras e tamén á cidadanía, de acordo coa lexislación vixente.

IDENTIFICACIÓN

Identificador	ES GA 15078 ACCU
Forma autorizada do nome	Arquivo Central da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Forma paralela do nome	Archivo Central de la Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria

Tipo de institución que conserva os fondos de arquivo	Pública Titularidade: autonómica de Galicia Xestión: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría General Técnica, Xunta de Galicia Tipoloxía: arquivo central administrativo de ámbito galego
--	--

CONTACTO

Localización e enderezo	San Caetano, bloque 3 15781 Santiago de Compostela, Galicia España
Teléfono	+ 34 981 957 573
Correo electrónico	arquivo.cultura.sc@xunta.es
Páxina web	http://arquivosdegalicia.xunta.es/portal/arquivo-central-da-secretaria-xeral-de-cultura/index.html
Persoa de contacto	Técnico superior de Arquivos: Antonio Fernández Domínguez

DESCRICIÓN

Historia da institución que custodia os fondos de arquivo

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no artigo 27 que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1 da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a comunidade autónoma, que non sexan de titularidade estatal, e servizos de Belas Artes de interese para a comunidade; así como o fomento da cultura, sen prexuízo do que establece o artigo 149.2 da Constitución. Igualmente, no artigo 32, sinala que lle corresponde á comunidade autónoma a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego.

Estas competencias traspásanse do Estado á comunidade autónoma a través do Real decreto 1634/1980, de 31 de xullo, que transfire as referentes ao Centro Nacional de Lectura,

depósito legal de libros e ISBN, tesouro bibliográfico e rexistro xeral da propiedade intelectual; do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, que transfire as competencias en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico e tesouro bibliográfico e documental de interese para Galicia; arquivos, bibliotecas, museos e servizos de Belas Artes, que non sexan de titularidade estatal; así como as de fomento da cultura; do Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro, que traspasa a xestión de bibliotecas, arquivos e museos de titularidade estatal; do Real decreto 2169/1994, do 4 de novembro, que o fai sobre as funcións relativas ao servizo público de información cultural comprendido dentro do programa puntos de información cultural (PIC) e do Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, que amplía as funcións en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.

O Decreto 30/1982, do 17 de febreiro, establece que os órganos encargados de levar a cabo as competencias en materia de cultura estarán a cargo do conselleiro adxunto ao presidente para a cultura, pero será o Decreto 140/1982, do 30 de novembro, o que crea a Consellería de Cultura, unha vez realizados os traspasos de funcións e servizos do Estado á comunidade autónoma. A súa estrutura orgánica e funcional será recollida polo Decreto 147/1982, do 1 de decembro, cunha vida de pouco máis dun ano. A partir deste momento, e salvo o período comprendido entre 1993 e 1996, o departamento que se fará cargo das competencias en materia de cultura terá asignadas, ademais, outras. Así será: Consellería de Educación e Cultura (Decreto 124/1983, do 15 de setembro), Consellería de Cultura e Benestar Social (Decreto 11/1986, do 1 de marzo), Consellería de Cultura e Deportes (Decreto 234/1987, do 29 de setembro), Consellería de Cultura e Xuventude (Decreto 12/1990, do 5 de febreiro), Consellería de Cultura e Comunicación Social (Decreto 212/1996, do 6 de xuño), Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (Decreto 347/1997, do 9 de decembro), Consellería de Cultura e Deporte (Decreto 211/2005, do 3 de agosto), Consellería de Cultura e Turismo (Decreto 237/2009, do 11 de xuño) e, desde xaneiro de 2012, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Decreto 1/2012, do 3 de xaneiro).

Historicamente, no ámbito de competencias asumidas pola comunidade autónoma en materia de cultura, as funcións comúns estarán a cargo da secretaría xeral da consellería respectiva e as específicas serán desenvolvidas por dúas direccións xerais (ás veces refundidas nunha soa), que cambian de nome e modifican algunha función ao longo do tempo. Unha terá ao seu cargo a dirección e a coordinación das actuacións en materia de promoción cultural e do libro e bibliotecas e outra a dirección e a coordinación en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico e documental, arquivos e museos.

No ano 1993, créase unha terceira dirección xeral que terá ao seu cargo a dirección e a coordinación das actuacións en todo o relativo ao Camiño de Santiago. Estas funcións foran desenvolvidas desde 1991, ante a proximidade da celebración do Ano Santo Xacobeo do ano 1993, polo Comisario Xacobeo de Galicia. No ano 1996, esta dirección xeral desaparecerá para integrarse primeiro como Xerencia de Promoción do Camiño, na secretaría xeral da consellería, despois como Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (2006) e, finalmente, como servizo, na Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural desta dirección xeral.

As especiais características que concorren no servizo público de promoción cultural nos eidos do teatro, da danza e da música aconsellaron a creación dun organismo que, baixo o control dos órganos centrais da Administración autonómica, permitisen unha axilidade na xestión administrativa e comercial. Por este motivo, creouse pola Lei 4/1989, do 21 de abril, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), organismo autónomo de carácter comercial adscrito á Consellería de Cultura e Deportes. Este órgano será substituído pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) na Lei 4/2008, do 23 de maio, debido a que a restrición do campo de actuación do IGAEM ás artes escénicas e musicais era un límite á hora de desenvolver unha programación uniforme para o fomento das actividades artísticas e culturais, e optouse por unha axencia que englobase a totalidade destas actividades.

Contexto cultural e xeográfico

Pola súa orixe, o arquivo está vinculado á consellería con competencias en materia de cultura, nos servizos centrais localizados en Santiago de Compostela. O seu ámbito territorial é toda Galicia.

A documentación que custodia é a relativa a todas aquelas funcións e actividades a que dá lugar o exercicio das competencias atribuídas á consellería na protección, difusión e incremento do patrimonio cultural galego e da cultura galega en xeral. Así, ocupan un papel destacado todas aquelas actuacións realizadas no ámbito dos arquivos e do patrimonio documental, dos museos e do patrimonio moble, das bibliotecas e do patrimonio bibliográfico. E, por suposto, a protección e a restauración do patrimonio inmovible, a actividade arqueolóxica e a protección e difusión do patrimonio etnográfico e inmaterial. A edición de libros en galego e a tradución á nosa lingua son outro campo de actuación relevante desta consellería.

Cronoloxicamente, os seus fondos documentais delimítanse pola aparición do Estado das autonomías e chegan á actualidade.

O arquivo responde á tipoloxía de arquivo central da consellería con competencias en materia de cultura e ámbito galego.

Atribucións/Fontes legais

Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm.214, do 8 de novembro).

Decreto 307/1989, do 23 de novembro, polo que se regula o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia (DOG núm. 23, do 1 de febreiro).

Orde do 30 de agosto de 2010 pola que se establecen as normas para a realización de transferencias documentais con destino aos arquivos dependentes da Xunta de Galicia (DOG núm. 174, do 9 de setembro).

Orde do 31 de agosto de 2010 pola que se establecen as normas para a consulta e a reprodución dos documentos nos arquivos propios e xestionados pola Xunta de Galicia (DOG núm. 175, do 10 de setembro).

Orde do 1 de setembro de 2010 pola que se establecen as normas para a realización de préstamos de documentos entre os arquivos propios e xestionados pola comunidade autónoma e as oficinas da Xunta de Galicia (DOG núm. 174, do 9 de setembro).

Decreto 219/2011, do 17 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos e as normas dos servizos de reprodución prestados nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia (DOG núm. 229, do 30 de novembro).

Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro (DOG núm. 4, do 5 de xaneiro), polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e, en concreto, o seu artigo 5 establece que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se estrutura nos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica
2. Secretaría Xeral de Cultura
 - 2.1. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
3. Secretaría Xeral de Política Lingüística

4. Secretaría Xeral de Universidades
5. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
6. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

c) Quedan adscritos a esta consellería:

1. A axencia pública Agencia Galega das Industrias Culturais
2. O ente público Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional

Estrutura administrativa

Dirección: secretario xeral técnico da consellería

Sección Arquivo²

Xestión de documentos e política de ingresos

Polo seu carácter de arquivo central, recibe transferencias anuais por parte dos distintos servizos, seccións e secretarías das unidades adscritas a Cultura nos servizos centrais. Tamén se encarga da formación do persoal das oficinas no tocante á organización e ás transferencias documentais.

Edificio

Metros cadrados dos depósitos: 225 m²

Metros lineais de andeis: 728 m

Metros lineais de documentación: 653 m

Unidades de instalación: 4.907

A sede do Arquivo Central coincide coa da actual sede da Secretaría Xeral de Cultura, dentro do complexo administrativo de San Caetano, complexo central da Administración autonómica de Galicia.

O edificio foi denominado na súa orixe como Colexio de San Caetano e fora deseñado en estilo ecléctico polo arquitecto Velázquez Bosco no ano 1904 para albergar un colexio de

2 Trátase dun ámbito funcional.

xordomudos e cegos. As obras remataron no ano 1920. O conxunto arquitectónico está dividido en varios pavillóns. Despois da Guerra Civil, foi dedicado a cuartel e hospital militar. A principios dos anos 80, dedicouse a instituto de ensino medio (Xelmírez II). No ano 1985, o edificio foi reformado polos arquitectos Manuel Gallego Jorreto, Jesús Días García e Alberto Baltar para albergar a sede dos servizos administrativos da Xunta de Galicia, ao acadar esta, por medio do Estatuto de Galicia de 1981, unha plena autonomía política que a levou a crear as súas propias institucións.

O arquivo nace da necesidade de organizar a documentación procedente das oficinas e que se almacenaba nos sotos do edificio. Oficiosamente, créase no ano 2002 e pasa a estar dotada a praza de arquiveiro do corpo facultativo no ano 2006.

Fondos e outras coleccións custodiadas

(ver cadro de clasificación de fondos)



Fondos públicos:

Fondo producido pola Consellería de Cultura (agora Secretaría Xeral de Cultura).

Instrumentos de descrición, guías e publicacións

Publicacións:

Subdirección Xeral de Arquivos e Museos. *Estudo orgánico e funcional da Xunta de Galicia.*

Proposta dun cadro de clasificación de fondos documentais. Santiago de Compostela:
Xunta de Galicia, 2010.

Instrumentos de descrición:

<http://albala.arquivodegalicia.xunta.es/albala/opw/index.html>

Máis información na páxina web do arquivo

Outros instrumentos:

<http://cultura.xunta.es/>



ACCESO

Horarios de apertura

Inverno: de luns a venres, de 8:15 h a 14:45 h

Verán (do 21 de xuño ao 21 de setembro): de luns a venres, de 9 h a 14 h

Festivos pechados ao público: 1 e 6 de xaneiro, xoves e venres de Pascua (datas variables), 1 de maio, 17 de maio, 25 de xullo, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6, 8, 24, 25 e 31 de decembro

Festivos locais: 19 de marzo (San Xosé) e 16 de agosto (San Roque).

Condicións e requisitos para o uso e o acceso:

Consulta no arquivo.

Libre acceso, aínda se necesita solicitarlle permiso á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Identificación con DNI ou pasaporte.

Acceso aos fondos suxeito á normativa legal vixente en materia de protección de datos e consulta de documentos.

Accesibilidade:

Acceso para personas con discapacidade: si

O complexo administrativo, onde se atopa o arquivo, está conectado co centro da cidade por varias liñas de transporte urbano: 1, 2, 5 e 6

SERVIZOS

Servizos de atención ao usuario

- Servizo de atención ás administracións e á cidadanía, suxeito á normativa vixente.
- Instrumentos de descrición en papel e acceso ás bases de datos dos fondos do arquivo.
- Servizo de asesoramento para a busca e a localización de documentos.
- Consulta no presencial a través de correo postal, correo electrónico e fax ..

Servizos de reprodución

- Realízanse copias en papel e dixitais. Formatos en papel: A4, A3.
- As reproducións están suxeitas ás tarifas establecidas na normativa vixente que inclúe a realización da copia, a autorización para a súa edición, se é o caso, e o envío postal das copias.
- A solicitude de reprodución en sala realízase mediante un formulario. A reprodución para a edición precisa de autorización expresa dos responsables do arquivo.
- A reprodución debe respetar a finalidade para a que se concede a autorización.

CONTROL

Identificador da institución	ES GA 15078 ACCU
Regras e/ou convencións	ISDIAH – Norma internacional para a descrición de institucións que custodian Fondos de arquivo, 1. ^a edición, Consello Internacional de Arquivos.
Datas de creación, revisión ou eliminación	30/07/2012
Lingua(s) e escritura(s)	Galego: glg Español: spa
Fontes	Páxina web do arquivo Instrumentos referenciados na sección de publicacións

FONDOS DOCUMENTAIS

Procedencia

Os fondos que custodia este arquivo proceden de todas as unidades que nalgún momento tiveron ou teñan a súa adscrición orgánica baixo o departamento autonómico de Cultura.

Cadro de clasificación de fondos documentais

FONDOS	Datas extremas	Unidades instalación
1. FONDOS PÚBLICOS		
1.4. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA		
1.4.1. Ámbito galego		
- Xunta de Galicia		
▪ Cultura		
1. Dirección	1984/2009	443
2. Xestión económico-administrativa	1982/2009	1.152
3. Promoción cultural	1982/2007	1.817
4. Protección do patrimonio	1967/2009	1.306
5. Xestión de centros culturais	1987/2008	189
TOTAL		4.907



Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Lugo

O Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Lugo é o primeiro arquivo da Administración autonómica de Galicia creado para recoller os documentos da Administración periférica. Depende orgánicamente da Delegación Territorial de Lugo, Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e, funcionalmente, da Subdirección Xeral de Arquivos, dentro da Secretaría Xeral de Cultura.



Ten a súa sede no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo. Para desenvolver as súas funcións, o arquivo dispón na actualidade, polo que respecta aos espazos e locais, de 70 m² de oficina e tres locais nos sotos, que contan cun total de 3.700 m de estantes.

Os usuarios principais deste arquivo son as oficinas produtoras que poden consultar os seus documentos desde o mesmo momento da transferencia.

IDENTIFICACIÓN

Identificador	ES GA 27028 ATLu
Forma autorizada do nome	Arquivo Territorial da Xunta de Galicia
Forma paralela do nome	Archivo Territorial de la Xunta de Galicia en Lugo
Tipo de institución que conserva os fondos de arquivo	Pública Titularidade: autonómica de Galicia Xestión: Xunta de Galicia, Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Lugo Tipoloxía: arquivo central e intermedio de ámbito provincial de Lugo

CONTACTO

Localización e enderezo	Rolda da muralla, 70 27003 Lugo, Galicia España
Teléfono	+ 34 982 294 240
Correo electrónico	arquivo.xeral.lugo@xunta.es
Páxina web	http://arquivosdegalicia.xunta.es/portal/arquivo-territorial-da-xunta-en-lugo/index.html
Persoa de contacto	Xefa de Sección: Olimpia López Rodríguez

DESCRICIÓN

Historia da institución que custodia os fondos de arquivo

Os antecedentes deste arquivo atópanse na reunión, nun único edificio administrativo, da maioría das delegacións provinciais da Xunta de Galicia en Lugo, a finais dos anos 90. O Arquivo Histórico Provincial e a Delegación Provincial da Consellería de Cultura expoñen a necesidade da creación dun arquivo administrativo para a custodia dos documentos das delegacións provinciais. A comisión xestora do edificio recolle a proposta e comeza a traballar para dotar de espazo de oficinas e de depósitos o futuro Arquivo Territorial.

Respecto do espazo, a comisión xestora destina uns 100 m² para oficinas e 3 locais para depósitos nos sotos do edificio, un deles xa dotado inicialmente con armarios de andeis do tipo compacto, con capacidade total para recoller aproximadamente 3,5 km de documentos.

Este proceso desemboca na creación do arquivo territorial, mediante a Resolución do 11 de setembro de 1998 pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de setembro de 1998 que aproba o Plan de racionalización de efectivos do novo edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo. Nesta resolución créase o arquivo como un dos servizos xerais do edificio administrativo e aparece na Relación de Postos de Traballo adscrito á Delegación Provincial de Cultura.

No momento actual, o Arquivo Territorial de Lugo segue a consolidar a súa traxectoria como arquivo de titularidade autonómica que xestiona os documentos xerados pola Administra-

ción periférica da Xunta de Galicia. A continuidade dos traballos fai que se consigan uns resultados que melloran ano tras ano.

Contexto cultural e xeográfico

